

The background features a light blue gradient with a network of white lines and four large, glowing blue spheres. One sphere is at the top, one on the left, one at the bottom left, and one at the bottom right. The lines connect these spheres in a star-like pattern.

Balance
2009-2013

2014.
gal AXENDA
DIXITAL
DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Edita:

Xunta de Galicia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Lugar: Santiago de Compostela

Ano: 2014

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0 Spain Attribution/Non Comercial. Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:
<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/deed.gl>

Índice

I. As novas regras do xogo	4
II. Balance 2009-2013. Axenda Dixital de Galicia	13
II.i. COHESIÓN SOCIAL E EQUILIBRIO TERRITORIAL	13
II.ii. ADMINISTRACIÓN EFICIENTE E AUSTERA	22
II.iii. DINAMIZACIÓN ECONÓMICA, CRECEMENTO E EMPREGO: ECONOMÍA DO COÑECEMENTO.....	49
III. Balance 2013 en cifras	68
IV. Balance económico.....	84



I. As novas regras do xogo

Un informe recente preparado para a DG Connect, *Unlocking the ICT Growth Potential in Europe: Enabling people and businesses*, identifica a necesidade dun cambio de paradigma en canto ao papel das TIC no crecemento en Europa.

Neste sentido, identifícanse **dúas variables** que **cambiarán as regras do xogo**, situando en primeiro plano as políticas no eido das TIC de modo que se convertan en activadoras do crecemento.

Por unha banda, hai que considerar que os problemas económicos que teñen afectado a Europa crean un **baleiro que a tecnoloxía e a innovación poden encher**. Ademais, tendencias como a **rápida difusión das redes de alta velocidade e dispositivos móbiles** permite aos consumidores impulsar a demanda de novas maneiras.

O potencial das TIC para acadar o crecemento

Este informe invita á reflexión sobre a importancia de **desbloquear o potencial de crecemento que albergan as TIC**, apuntando a necesidade dunha visión estratéxica de Europa co obxectivo de preparala para a nova onda da tecnoloxía dixital e aplicacións (banda larga móbil, big data, cloud computing).

Atisbando a recuperación económica, o informe presenta **catro escenarios** que demostran como as **TIC** poden ser unha importante **fonte de crecemento para a UE**. En concreto, estímase que se torna ao crecemento global afondando no mercado único, as TIC suporían máis da metade do crecemento do PIB.



Ilustración 1. Catro escenarios do papel das TIC no crecemento económico de Europa

Un orzamento para o futuro

A inversión eficiente marcará a diferenza no ámbito do novo marco de financiamento 2014-2020, que materializa por primeira vez un descenso nos topes de gasto. Isto é, conseguir facer máis con menos diñeiro e garantir que cada euro se asigne onde poida conseguir un mellor efecto.

Ante os retos económicos actuais, a máxima é centrarse no **emprego, o crecemento e a competitividade**. De feito, e a pesar de que por primeira vez se reduce o límite global de gasto, acordouse un **aumento substancial dos recursos financeiros para gastos orientados ao futuro tales como a investigación, a innovación e a educación**, co fin de promover o crecemento e crear emprego.

Forxando unha Galicia 2020

Neste último período recoñeceuse a **responsabilidade e o bo uso cos que Galicia xestionou os fondos comunitarios**. En concreto, o presidente da Xunta foi elixido polo Comité das Rexións para elaborar un ditame de especial relevancia, acerca de cómo se deberán gastar mellor os fondos comunitarios no próximo período 2014-2020.

Mantendo este rumbo, este Goberno velou polo cumprimento de condicións indispensables para acceder aos fondos de I+D+i e TIC na programación orzamentaria da Unión Europea 2014-2020.



Definición da Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3)

A RIS3 de Galicia, fixa as **prioridades de investimento** que canalizarán os fondos europeos estruturais destinados a **investigación e a innovación**. Esta estratexia constitúe un desafío compartido entre a Xunta, os axentes do Sistema Galego de Innovación, as empresas e a propia cidadanía, que permitirá á nosa rexión **cambiar o modelo produtivo, crecer de forma sustentable** no tempo, e **crear emprego** estable, de calidade e alto valor engadido.

Esta Estratexia incorpora as TIC como un dos motores para a especialización e competitividade dos sectores produtivos galegos, poñéndose ao seu servizo e ao de todos os galegos con tres retos:

- **Novo modelo de xestión de recursos naturais e culturais** baseado na innovación



- **Novo modelo industrial** sustentado na competitividade e o coñecemento
- **Novo modelo de vida saudable** cimentado no envellecemento activo da poboación con base no desenvolvemento tecnolóxico

Para a súa elaboración contouse coa participación de 240 axentes, que serán tamén parte fundamental da súa aplicación con dous obxectivos fundamentais. Por unha banda, que a **participación privada na innovación** pase do 42% actual ao 50% no ano 2020; e, en segundo lugar, que **a captación de algúns centros de I+D das principais empresas españolas ou multinacionais para que se ubiquen en Galicia.**

Estratexia de Crecemento Dixital


Coa elaboración da Estratexia de Crecemento Dixital, Galicia cumpre co requisito establecido pola Unión Europea de que as Estratexias de investigación e innovación para especialización intelixente recollan un capítulo específico destinado ás TIC.

En consecuencia, ambas engrenan á perfección e fomentan **relacións sinérxicas** entre elas conformando así unha base sólida de cara á captación de fondos europeos en proxectos tecnolóxicos no período 2014-2020.

Como é ben sabido, a Xunta ten traballado desde 2009 no desenvolvemento dunha estratexia tecnolóxica global, polo que esta nova folia de ruta está deseñada para **dar continuidade aos logros acadados neste ámbito e converxer coa UE en 2020.**

Neste sentido, prioriza cinco grandes liñas de actuación no sector tecnolóxico ata o ano 2020 que consolidarán e darán continuidade ás medidas da Axenda Dixital 2014.gal.

Por último, co obxectivo de presentar os logros acadados ata o de agora, a continuación preséntanse os proxectos máis sobresaíntes neste período 2009-2013 xunto cos resultados obtidos. Para iso, adóptase a estrutura do Plan Estratéxico de Galicia 2010-2014 que diferencia tres áreas:



- Cohesión social e equilibrio territorial
- Consolidación dunha administración eficiente, austerista e próxima á cidadanía
- Dinamización económica, o crecemento e o emprego. Impulso á economía do coñecemento

Cohesión social e equilibrio territorial

Actuacións	Plan Banda Larga	
Que fixemos?	Impulsar o despregamento das infraestruturas de telecomunicacións como elemento indispensable para o desenvolvemento da sociedade da información na Comunidade.	
Cales son os resultados?	● Máis do 97% dos galegos xa dispoñen de cobertura de banda larga ● O Plan Banda Larga e R acadan, con case medio ano de adianto, o obxectivo de facilitar o acceso a redes de fibra óptica de ata 200 Mbps a 1,4 millóns de galegos	

Actuacións	Rede CeMIT, Voluntariado Dixital	 
Que fixemos?	Fomentar as actuacións destinadas ao aprendizaxe tecnolóxico, para garantir a capacitación dixital de toda a cidadanía, en especial aos colectivos con maior risco de exclusión dixital.	
Cales son os	● A Rede CeMIT achegou as novas tecnoloxías a máis de	



resultados?	32.300 persoas e impartiu preto de 99.000 horas de formación ● Atópase en elaboración o Plan de Inclusión Dixital de Galicia, que coordina os proxectos e instrumentos existentes no ámbito da alfabetización dixital ● Voluntariado Dixital xa conta con 342 voluntarios e 78 entidades colaboradoras ● O programa VOLDIX resultou seleccionado para o seu análise nun seminario Peer Review a nivel europeo como exemplo de boa práctica en materia de inclusión social a través das TIC
--------------------	---

Consolidación dunha administración eficiente, austeras e próxima á cidadanía

Actuacións	Creación da Amtega, Plan de Modernización da administración pública, CPDI  
Que fixemos?	Consolidar unha administración intelixente, eficiente, que optimice os recursos existentes e que preste servizos de calidade á cidadanía.
Cales son os resultados?	● O 9 de marzo de 2012 creouse a Amtega, coma un modelo de xestión integrado das TIC. ● A Sede Electrónica xa permite a tramitación telemática de preto do 40% dos procedementos administrativos ● 9.234 traballadores públicos galegos dispoñen xa dunha tarxeta intelixente, que lles permite asinar documentos electronicamente ● Preto do 45% dos CDPs do proxecto están xa trasladados ao Centro de Proceso de Datos Integral (CPDI)



Actuacións	Proxecto Abalar 
Que fixemos?	Potenciar o uso das novas tecnoloxías no eido educativo, co fin de evolucionar cara á constitución de verdadeiros nativos dixitais.
Cales son os resultados?	● O Proxecto Abalar xa dispón de máis 2.000 aulas dixitalizadas en 531 centros educativos, beneficiando a máis de 44.400 alumnos ● O espazoAbalar, que constitúe o punto de encontro virtual de toda a comunidade educativa, xa rexistrou 2,2 millóns de visitas

Actuacións	Plan Senda 2014 
Que fixemos?	Modernizar a administración da Xustiza, a través da renovación de equipamento e da incorporación de novas aplicacións informáticas.
Cales son os resultados?	● Desde a posta en marcha do Plan, investíronse case 22 millóns de euros na renovación de equipamento e no desenvolvemento de infraestruturas tecnolóxicas no ámbito galego. ● O 99% dos Xulgados de Paz pode acceder ao Rexistro civil en liña (Infoleg). ● O 100% dos órganos xudiciais xa empregan Lexnet, ampliándose en 2013 o alcance das notificacións telemáticas aos colectivos de Avogados do Estado e Asesoría xurídica da Xunta, superándose os 4 millóns de notificacións



	● Púxose en marcha a primeira fase do portal eXustiza para facilitar a relación da cidadanía coa administración xudicial ● Asinouse un convenio co goberno central en 2013 para o desenvolvemento conxunto dun novo Sistema Integrado de Xustiza (SIJ)
Actuacións	Historia Clínica Electrónica, eReceita, telemedicina 
Que fixemos?	Mellorar o sistema sanitario a través do uso das TIC, permitindo un incremento da calidade asistencial dos pacientes.
Cales son os resultados?	● Case a totalidade dos centros de saúde poden facer uso de solucións de telemedicina e todas as dispensacións de medicamentos son xa electrónicas. ● Galicia elixida rexión de referencia no eido do envellecemento activo e saudable no marco da European Innovation Partnership on Active and Healthy Ageing (EIP-AHA)

Dinamización económica, o crecemento e o emprego. Impulso á economía do coñecemento

Actuacións	Centro Demostrador TIC de Galicia 
Que fixemos?	Favorecer a incorporación das TIC nos sectores produtivos galegos co fin de incrementar a súa produtividade e competitividade.
Cales son os resultados?	● Desde o comezo da súa andaina, o CDTIC acolleu a presentación de 93 solucións tecnolóxicas e contou coa participación de máis de 2.000 profesionais



Actuacións	Protocolo de colaboración para a Cooperación entre a Xunta e o Sector TIC para o desenvolvemento dixital de Galicia 
Que fixemos?	Acadar unha cooperación firme co sector TIC que converta o sector da economía do coñecemento nun dos motores da economía e lograr o desenvolvemento dixital de Galicia.
Cales son os resultados?	● Sinatura do Pacto do Sector TIC coa adhesión de 12 empresas ● Compromiso para lanzar un Programa de Apoio ao Emprendemento para Galicia (Telefónica) e despregamento de infraestruturas de telecomunicacións (Vodafone)

Actuacións	Estratexia Sergas 2014 
Que fixemos?	Fomento da Compra Pública de Tecnoloxía Innovadora que permita potenciar a innovación no eido sociosanitario co fin de desenvolver servizos avanzados que melloren a calidade de vida da cidadanía e que sexan un catalizador da innovación.
Cales son os resultados?	● En marcha as iniciativas INNOVASaúde e Hospital 2050 que, dotadas con máis de 90 millóns de euros, están orientadas a mellorar a prestación sanitaria e os servizos asistenciais. ● Constituíuse a agrupación KIC Gallaecia, a candidatura conxunta de Galicia ao KIC europeo de envellecemento activo e vida saudable

Este exercicio de balance abrangue as actuacións postas en marcha ao abeiro da Axenda Dixital de Galicia desde o seu lanzamento ata o día de hoxe. Desta forma, dáse conta dos avances acadados que apuntan ao **progreso na adopción e uso das TIC en Galicia** e a **consolidación da rexión** como **referencia** en ámbitos como o da eSaúde ou a inclusión social a través das TIC.

No curto prazo, o Goberno Galego procurará dar **continuidade aos logros tecnolóxicos conseguidos** en Galicia e **converxer coa Unión Europea en 2020** no referido ao uso das tecnoloxías nos sectores produtivos, nos servizos públicos e pola cidadanía.



Ilustración 2. Marco de referencia estratéxico 2014.gal

Nos seguintes apartados detállanse, para os principais proxectos iniciados no período, o grao de desenvolvemento e resultados acadados.

II. Balance 2009-2013. Axenda Dixital de Galicia

II.i. COHESIÓN SOCIAL E EQUILIBRIO TERRITORIAL

Os principios do Plan Estratéxico Galicia 2010-2014 de cohesión social e equilibrio territorial están reforzados polas actuacións de 2014.gal orientadas á **redución da fenda dixital** ("Cidadanía Dixital") e ao **desenvolvemento das infraestruturas de telecomunicacións** ("InfraTeleCom").

En ambos casos, constitúen un pilar indispensable para lograr a **vertebración territorial** e a **inclusión dixital** da nosa comunidade en canto que o seu despregue posibilita a todos os galegos o acceso á rede e garanta o acceso igualitario aos contidos e servizos avanzados da sociedade da información.


Vertebración territorial

- Máis do **97% dos galegos xa dispoñen de cobertura de banda larga**, grazas ás actuacións no marco do Plan Banda Larga
- O **100% dos servizos públicos** e o **100% dos parques empresariais e polígonos industriais** xa contan con cobertura de banda larga de calidade
- Grazas ao Plan Banda Larga e R, a **metade da poboación galega dispón de acceso a redes de fibra óptica de 100 Mbps, cumprindo con dous anos de adianto o obxectivo para 2015** da Axenda Dixital para España
- O investimento público, **entre os anos 2010 e 2013**, ascende a preto de 70 millóns de euros, mobilizando **un total de cerca de 220 millóns de euros** para o desenvolvemento de redes de telecomunicacións
- Aprobouse a **Lei 3/2013, do 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia**



- Presentouse a **Guía de Boas Prácticas para o despregamento das infraestruturas de telecomunicacións**
- Elaborouse a **Guía práctica para a implantación do Edificio e Fogar Dixital**

O Plan Banda Larga da Xunta de Galicia, posto en marcha no 2010, permitiu acadar que **máis de 2,7 millóns de galegos teñan cobertura de banda larga**. Isto supón máis do **97% sobre o total da poboación galega**. Cos resultados acadados cumpriuse **cos obxectivos de cobertura** fixados para cada ano.



Ademais, coas actuacións desenvolvidas no Plan acadouse que o **100% dos servizos públicos e o 100% dos parques empresariais e polígonos industriais** dispoñan de cobertura de banda larga de calidade.

Ao longo de 2012 continuouse co despregue de redes sen fíos de tecnoloxía 3G no rural e **púxose en marcha a última actuación do Plan**, na que a través da conexión vía satélite, posibilitará completar a cobertura ata o 100%.

En liña coas directrices establecidas pola **Axenda Dixital Europea** e asentando os piares para poder desenvolver novos servizos dixitais, máis innovadores e intelixentes, Galicia segue a incentivar o despregamento das redes de nova xeración.



Cabe destacar que o **Plan Banda Larga e R** facilitaron no 2013 o **acceso a redes de fibra óptica de ata 200 Mbps** a 1,4 millóns de galegos, cumprindo con **dous anos de adianto o obxectivo sinalado pola Axenda Dixital para España en materia de telecomunicacións e redes ultrarrápidas**.

Cun investimento público entre os anos 2010 e 2013 de preto de 70 millóns de euros para o desenvolvemento destas actuacións, conseguiuase mobilizar un

investimento privado de máis de 145 millóns de euros, o que supón un **investimento total de máis de 214 millóns de euros**.

No marco do Plan Banda Larga o operador público **Retegal constitúe un elemento clave**, xa que o aproveitamento das infraestruturas públicas está a permitir acelerar e optimizar o despregamento de redes de banda larga no rural de Galicia. A día de hoxe, este operador conta con **250 torres e 1.855 km de fibra óptica**.



Entre as accións que realizou Retegal no 2012 salientase a elaboración do **“Plan sectorial de implantación e desenvolvemento das infraestruturas da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia xestionadas por Retegal”**, aprobado definitivamente en 2013 coa súa publicación



no DOG, e a súa participación no **Proxecto GREEN**, orientado a mellorar a eficiencia e o aforro de custos a través da redución do consumo enerxético dos equipos empregados e optimizando o uso do espectro radioeléctrico.

Un dos fitos máis relevantes que aconteceu no 2013 foi a aprobación no mes de maio da **Lei 3/2013, do 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia**.

Tras a súa aprobación, o **desenvolvemento das medidas xerais** recollidas na Lei 3/2013 levarase a cabo a través dos seus correspondentes **regulamentos**, téndose iniciado xa o proceso de tramitación do primeiro destes regulamentos, que establecerá a obriga de instalar infraestruturas de telecomunicacións nas estradas autonómicas que se constrúan ou remodelen.

Tamén cómpre destacar a presentación da **Guía práctica para a implantación do Edificio e Fogar Dixital** en 2012. Este documento contén **toda a información precisa en termos técnicos e económicos sobre a implantación do fogar dixital**, e serve de referencia aos sectores involucrados no seu desenvolvemento.



O fogar dixital constitúe unha panca importante para **mellorar a calidade de vida** da cidadanía así como un motor claro para a **dinamización e o desenvolvemento do sector tecnolóxico** de Galicia, ao atoparse ante unha gran ventá de oportunidades.

Ademais, en virtude doutro acordo entre a Xunta e o COETG no 2013, elaborouse unha **Guía de Boas Prácticas para o despregamento das infraestruturas de telecomunicación** que analiza o novo escenario legislativo no eido das telecomunicacións e aporta unha visión práctica do despregamento destas infraestruturas dirixida aos técnicos dos concellos e demais axentes implicados.



Redución da fenda dixital


Redución da fenda con España e Europa

- Galicia experimentou, ata o de agora, un **incremento de máis dun 67% de fogares con conexión de banda larga** contratada con respecto ao ano 2009
- Púxose en marcha un programa de **axudas para permitir a conexión a Internet** ás familias galegas con menos recursos e aquelas pertencentes ás zonas máis illadas de Galicia

Galicia segue a avanzar cara a converxencia con España e Europa e aposta por iniciativas destinadas a minimizar a fenda dixital existente no emprego de novas tecnoloxías.

Con respecto ao ano 2009, no 2013 **a penetración da banda larga nos fogares galegos incrementouse en máis dun 67%**, duplicando a variación correspondente á media nacional (34%) e á media europea (33%) no mesmo período.

Variación 2009-2013 na penetración de banda larga



Co fin de avanzar neste camiño de converxencia, no 2011 púxose en marcha unha **liña de axudas orientada a subvencionar a contratación de Internet**, de polo menos 1 Mbps, ás **familias galegas con rendas per cápita iguais ou inferiores a 9.000 euros**.



Ademais, asumindo a dificultade de acceso a internet nas zonas da Comunidade máis illadas e dispersas, no 2012 e 2013 lanzáronse **axudas para a contratación do servizo de Internet vía satélite** cun investimento de máis de 800 mil euros ata 2014. En




total, foron máis de 1.400 familias e empresas de toda Galicia as que se beneficiaron destas axudas.

A Xunta pon así en marcha a sexta e última liña do Plan Banda Larga, que está **destinada aquelas familias e empresas** con enderezo en Galicia **que non poidan dispor de acceso de banda larga**, de cando menos 2Mbps, mediante outra tecnoloxía.

Redución da fenda interna entre a Galicia rural e urbana

- Desde o 2009 ata agora, **reduciuse de 20 a menos de 2 puntos porcentuais a diferenza** media na **dispoñibilidade** de acceso á **banda larga** entre as provincias do interior e as do eixo atlántico




- A cobertura poboacional pasou dun 42,2% a finais de 2009 a **preto dun 95% a finais de 2013 nos núcleos de menos de 100 habitantes**, e dun 63% a un **98,2% en núcleos de entre 100 e 1.000 habitantes**

O hábitat poboacional é en xeral un dos factores que determinan claramente a fenda dixital existente en Galicia. Existen claras diferenzas entre as provincias do interior e as do eixo atlántico, e entre o entorno rural e o urbano.

Grazas ao Plan Banda Larga, a día de hoxe, **reducíronse en gran medida as diferenzas** existentes no relativo ao acceso á banda larga **entre as provincias do interior e as do eixo atlántico, dando como resultado unha diferenza de menos de 2 puntos porcentuais entre ambas.**

En relación ao ámbito rural, pasouse dun 42,2% a finais de 2009 a preto dun **97% a finais de 2013 nos núcleos de menos de 100 habitantes** - superando así o obxectivo fixado para finais de 2013-, e dun 63% a un **98,2% en núcleos de entre 100 e 1.000 habitantes.**



Inclusión dixital

- A **Rede CeMIT** formou a **máis de 32.300 usuarios** en materia de novas tecnoloxías e impartiu máis de **99.000 horas de formación**
- Atópase en **elaboración o Plan de Inclusión Dixital de Galicia**, que coordina os proxectos e instrumentos existentes no ámbito da alfabetización dixital
- No 2012 desenvolveuse o **Espazo Multimedia de Aprendizaxe (EMA)** e puxéronse en marcha iniciativas orientadas ao emprendemento feminino como **"Tomando as rendas"** e **"Miradas de muller"**
- O **Programa de Voluntariado Dixital** xa conta con **máis de 340 voluntarios** e **78 entidades colaboradoras**
- O **programa VOLDIX** resultou seleccionado para o seu análise nun seminario **Peer Review a nivel europeo** como exemplo de boa práctica en materia de inclusión social a través das TIC

A Xunta de Galicia segue a promover o uso das novas tecnoloxías entre a poboación galega a través de iniciativas como a Rede de Centros para a Modernización e a Inclusión Tecnolóxica (Rede CeMIT).

Esta Rede, posta en marcha no 2011, persegue **capacitar dixitalmente á comunidade galega atendendo especialmente aos colectivos máis afectados pola fenda dixital**, así como fomentar a formación dixital entre os profesionais galegos e mostrar ás pemes e micropemes as vantaxes da sociedade da información.

Así, a Rede CeMIT conta con **98 aulas** repartidas en **92 concellos** de **53 comarcas** e, desde o comezo da súa andadura, impartiu por riba de **99.000 horas** de formación, achegando as novas tecnoloxías a máis de **32.300 persoas**.

Evolución no número de usuarios



No marco do Plan de Formación da Rede CeMIT, conseguiu-se un **incremento do 50% no número de usuarios rexistrados** en 2013 con respecto ao 2012.



Tamén no último ano **desenvolveuse a teleformación a través do Espazo Multimedia de Aprendizaxe (EMA)**, unha plataforma libre que permite achegar a alfabetización dixital a calquera punto xeográfico de xeito gratuíto, e que dende o seu lanzamento no mes de maio rexistrou preto de **32.000 accesos**.

Ademais, co fin de impulsar o **emprendemento das mulleres de zonas rurais e periféricas**, desenvolvéronse iniciativas específicas como **"Tomando as Rendas"** que comezou en 2012 e na que participaron por riba de 170 mulleres e **"Miradas de Muller"**, que no 2013 conseguiu a participación de máis de 360 mulleres entre ás xornadas presenciais a as de formación en liña.



Dado o éxito dos resultados acadados e co fin de dar continuidade á Rede CeMIT, a finais do ano 2012 levouse a cabo a **sinatura do Acordo de Prórroga do Protocolo de adhesión** á Rede CeMIT da Xunta de Galicia entre a Amtega e 51 Concellos galegos.

Este feito supón o mantemento en 2013 das subvencións para realizar **accións de alfabetización dixital** dirixidas á poboación así como a realización de actividades de **dinamización das novas tecnoloxías nos distintos concellos** adheridos a este protocolo.

Despois da consolidación da Rede como vehículo para a alfabetización dixital, a Amtega impulsou a **definición dun novo modelo de Rede con horizonte 2020**, a través da elaboración do **Plan de Inclusión Dixital**, buscando o seu crecemento e orientándose cara un modelo que lle aporte maior capilaridade xeográfica, sostible economicamente, cun maior número de axentes implicados e que permita cumprir cos obxectivos de inclusión dixital fixados a nivel nacional e europeo. Neste sentido, os traballos realizados no 2013 centráronse na definición do mellor escenario para a consecución destes obxectivos.

Este Plan buscará **universalizar** o servizo e garantir a continuidade e mellora tanto da Rede como doutras actividades como o Programa de Voluntariado Dixital que

buscan a inclusión dixital da cidadanía, promovendo así a **participación** de todos os axentes involucrados neste eido.

Ademais en xaneiro de 2014 asinouse un convenio entre a **Amtega, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Fegamp** para **garantir a continuidade e mellora** do servizo, facilitar unha aprendizaxe permanente neste eido, e contribuír á mellora da empregabilidade a través da formación para o emprego no eido das TIC.



342 voluntarios



78 entidades colaboradoras

Outra das iniciativas destinadas a lograr a inclusión dixital da cidadanía galega é o **Programa de Voluntariado Dixital**, que foi posto en marcha en xaneiro de 2012 co obxectivo de estender a oferta pública de alfabetización dixital.

A finais do 2013, estaban **adheridos ao programa 340 voluntari@s dixitais e de 78 entidades colaboradoras**, das cales 14 son organismos colaboradores, 41 entidades de acción voluntaria e 23 mecenas dixitais. As actividades deste Programa **beneficiaron a 4.300 persoas** pertencentes a colectivos en risco de exclusión dixital.

No marco desta iniciativa celebráronse seminarios como **“A Busca de Emprego a través das redes sociais”**, destinada a persoas con discapacidade en situación de desemprego pertencentes á Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) ou o seminario **“Internet móbil para persoas maiores”**, na que participaron 100 persoas maiores usuarias da Aulas da terceira idade da Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos (ATEGAL).

En 2013 impulsáronse **actuacións de cara a conseguir a análise, mellora, difusión e posta en valor das distintas iniciativas e boas prácticas** desenvolvidas no marco do programa de Voluntariado Dixital. Neste eido, a Comisión Europea seleccionou o **Programa de Voluntariado Dixital** para ser analizado nun **seminario Peer Review** a nivel europeo como exemplo de **boa práctica en materia de inclusión social a través das TIC**.





A mediados de 2013, a Amtega puxo en marcha o **blog Xente Dixital**, un espazo para achegar as vantaxes da tecnoloxía a todo o mundo dun xeito ameno e sinxelo, difundindo e compartindo coñecementos e **consellos prácticos sobre a tecnoloxía**.

A través da súa presenza nas redes sociais, XD invita a **participar e compartir coñecementos**, así como a recibir todo tipo de comentarios e suxestións, para o que se habilitou unha caixa de correo na que **todas as aportacións dos cidadáns na rede son benvidas**.



II.ii. ADMINISTRACIÓN EFICIENTE E AUSTERA

O eixo do Plan Estratéxico de Galicia correspondente á **administración auster, eficiente e próxima ao cidadán** fundaméntase na consolidación da administración pública como un ente prestador de **servizos de calidade á cidadanía** que realiza as súas funcións **en base aos principios de austeridade e racionalidade do gasto**.

Neste sentido, 2014.gal conta coas liñas estratéxicas orientadas á **incorporación das TIC en todos os ámbitos dos servizos públicos** que deriven nun incremento do benestar e calidade de vida dos cidadáns ("Administración intelixente") así como pola **transversalidade, eficiencia e aforro de custos** por parte da administración ("Administración eficiente").

eAdministración

- A **Sede Electrónica** permite **tramitar telematicamente** un total de **604 procedementos**, 534 máis que no 2009
- **Máis de 9.200 empregados públicos** xa dispoñen da **tarxeta de acreditación dixital**
- O **DOG dixital** rexistrou **máis de 14,7 millóns de visitas** nos 3 últimos anos

A Xunta de Galicia segue a avanzar cara a e-administración co fin de consolidar unha administración máis transparente e aberta á cidadanía, accesible as 24 horas dos 365 días do ano.


Neste período, foi anunciado o novo Plan de modernización 2014-2016, o **Plan Achega**. Como o seu propio nome indica pretende alcanzar o máximo grao de **achegamento da Administración á cidadanía**, a través dunhas relación entre ambos máis **simple, rápida e fluída**.

Así, desde a aprobación no 2010 do **Decreto polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica** na Xunta de Galicia, xa son diversos os pasos dados.

Por un lado, desde setembro de 2011 cidadáns e empresas xa poden acceder á **Sede Electrónica**, que constitúe un **punto de acceso único a toda a**



Administración en internet e ofrecerá de xeito progresivo a mesma información e os mesmos servizos que teñen agora á súa disposición os cidadáns en calquera dos portelos das consellerías.




A finais de 2013, podían **presentarse de xeito electrónico 604 procedementos**, preto do **40% sobre o total**. A finais de 2011 só o 15% dos procedementos se podían presentar de xeito telemático e **antes do inicio do Plan de Modernización este índice non superaba o 4%.**

Cabe destacar que no 2013, a Sede Electrónica da Xunta recibiu o dobre de visitas que no ano anterior, rexistrando **máis de 266.000**. Ademais, **presentáronse 17.228 expedientes**, cinco veces o número dos iniciados electronicamente no ano anterior.

En outubro de 2013, o Consello de Goberno aprobou o **protocolo de identificación e sinatura electrónica**, centrado na simplificación da xestión telemática coa Administración facilitando o uso de **claves concertadas** entre os cidadáns e Xunta **para acceder á Sede Electrónica**.

Desde o punto de vista da demanda de servizos electrónicos, hai que destacar que **Galicia é a segunda comunidade no ranking de CCAA que máis emprega a Administración electrónica**, sendo só superada pola Comunidade de Madrid, e segundo os últimos datos do INE supera a media nacional.

Formas de interacción coas AAPP por internet



No **eido sanitario** salientase a implantación do **Expedient-e único do profesional**, que permite a todo o persoal do Servizo Galego de Saúde dispoñer dun **currículo profesional electrónico, centralizando e unificando os seus méritos**, tanto a través de internet como da propia intranet do Sergas. Dende o inicio do Expedient-e en xullo de



2011, formalizáronse máis de **45.700 inscricións electrónicas** en procesos de selección de persoal a través deste novo aplicativo e actualmente téñense **rexistrados e validados preto de 1,6 millóns de méritos** dos profesionais do Sergas.

Para avanzar cara a e-administración é fundamental dotar aos empregados públicos das ferramentas adecuadas para adaptar o seu traballo ás necesidades do novo escenario dixital.



Este é un dos obxectivos do **Proxecto Kronos** de implantación da **nova tarxeta intelixente** que inclúe o certificado de empregado público, **permite asinar dixitalmente os documentos** dos procedementos telemáticos, regula o control horario e abre a porta á futura regulación da flexibilidade horaria e ao teletraballo. O **persoal acreditado a finais do 2013 ascende a un total de 9.234 traballadores** públicos da Administración autonómica e da Xustiza en Galicia.

En liña co mencionado anteriormente e dentro da política cero papel, definiuse o **protocolo de sinatura** electrónica e acreditación dixital, desenvolveuse unha **plataforma de servizos de sinatura dixital** e púxose en marcha o **portasinaturas dixital**. Este instrumento conta cun total de **440 usuarios asinantes** e permitiu **asinar electronicamente preto de 90.000 documentos** administrativos ao longo de 2013 (convenios, pregos de contratación, memorias de facturas, circulares, instrucións, oficios, actas..).

Outro dos avances nesta liña foi a implantación, a principios de 2011, do **Portal de Interoperabilidade en todas as consellerías**, que permite eliminar a petición de documentación básica como o DNI, o certificado de empadramento e o de titularidade de conta bancaria.



Ademais no 2012 licitouse e adxudicouse a **Plataforma de Interoperabilidade da Administración pública de Galicia**, para acceder a servizos de uso común entre as



distintas administracións públicas galegas. No 2013, leváronse a cabo dúas actuacións clave neste ámbito, a construción e posta en marcha do **Nodo de Interoperabilidade PasaXe!** e a sinatura dun convenio de colaboración entre o MINHAP e a Xunta para a

prestación mutua de solucións básicas de administración electrónica.

A posta en marcha do nodo de interoperabilidade evitou aos cidadáns a presentación de máis **1 millón de copias do seu DNI**, así como máis de **18.000 certificados de empadramento**, entre outros documentos.

Grazas ao acordo, servizos como a **sinatura electrónica avanzada**, o acceso á **plataforma de intermediación** de datos por medios electrónicos, a **interconexión de rexistros** e o **sistema de certificación e sinatura electrónica** estarán a disposición dos concellos que o requiran de xeito gratuíto a través da plataforma tecnolóxica da Xunta. Promovendo así o **uso compartido destas solucións tecnolóxicas**, evitando duplicidades e reducindo custos.

En concreto, o sistema de certificación e **sinatura electrónica** que o Ministerio pon á disposición das AAPP é **a pedra angular dos servizos da Administración electrónica**.

Complementando esta medida en xaneiro de 2012 entrou en vigor un **procedemento de medición de cargas administrativas** que garante a redución



dos custos e a simplificación da documentación esixible a cidadáns e empresas nos procedementos que teñen á súa disposición. O **sistema REDUCE** estima que a presentación telemática de solicitudes para o procedemento administrativo **ofrecerá ao solicitante un aforro de 75 euros**, fronte a súa versión presencial.

Entre outras iniciativas levadas a cabo no período 2009-2013 cómpre sinalar o desenvolvemento do **Servizo Electrónico de Facturación (SEF)** no 2010 e o **Sistema de Licitación Electrónica (SILEX)** no 2011. **No 2013, preto do 32% dos procesos de licitación** rexistrados na Consellería de Facenda fixéranse de xeito telemático.

A partir de 2013, o **Sistema de Facturación Electrónica** da Xunta permitirá aos provedores presentar as súas facturas por correo electrónico. Esta nova funcionalidade facilitará tamén que se poidan coñecer a través do e-mail os estados de tramitación nos que se atopan as facturas.

Con esta nova iniciativa, **Galicia anticipase unha vez máis no cumprimento** da maioría dos **requirimentos esixidos pola Lei 25/2013**, de 27 de decembro de **Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas** no Sector Público.

A este respecto, en xullo de 2013, **máis do 44% do importe facturado** á Xunta recibíuse xa en **formato electrónico** e preto de 2.650 empresas empregaron o Sistema Electrónico de Facturación.

Outra das actuacións relevantes neste período foi a posta en marcha do **DOG electrónico** no 2011, garantindo a mesma validez xurídica que a versión en papel. A substitución da versión impresa posibilitou a día de hoxe un **aforro estimado de 1,1 millóns de euros anual** ao eliminar o uso do papel. Ata o 2013, **rexistráronse 14,77 millóns de visitas e máis de 36.000 anuncios publicados en formato dixital** (o que supuxo un incremento do 55% con respecto a 2011).



No 2011 aprobouse o **Decreto que establece o Sistema Único de Rexistro**, que regula a organización e o funcionamento dos rexistros da Administración Xeral e das entidades públicas instrumentais galegas. No marco deste Decreto, no 2012 púxose en marcha o **sistema para o rexistro de entradas e saídas (AIRES)** como sistema de información único para o conxunto de órganos, servizos e unidades que integran o Sistema Único de Rexistro. Actualmente, este sistema está **implantado en 35 oficinas de rexistro, que xestiona máis do 40% do volume actual de rexistros de entrada**.



Ademais, na actualidade, o **100% dos impostos** xestionados pola Axenda Tributaria de Galicia poden presentarse **vía telemática**, e tan só en 2013, a **Oficina Virtual Tributaria recibiu case 670.000 accesos**.

A administración no móbil

- **A Xunta achegarase á cidadanía a través do móbil, sendo a Amtega responsable** das aplicacións móbiles da Administración autonómica
- As aplicacións da Xunta publicáronse no **espazo 'Xunta de Galicia'**, onde xa hai **10 dispoñibles**




Os teléfonos móbiles, están a converterse no soporte máis empregado no mundo para conectarse á Internet, polo que a Xunta non pode ser allea desta tendencia, e facilitará o acceso móbil aos servizos da Xunta de xeito progresivo.

Neste sentido, o Consello da Xunta acordou que a Amtega sexa o organismo responsable da **tramitación, xestión, mantemento ou retirada de aplicacións para móbiles e outros dispositivos electrónicos** da Administración autonómica.

A Xunta poxo en marcha Mobem, a primeira aplicación de Galicia que permitirá á cidadanía facer diferentes xestións co Servizo Público de Emprego desde o móbil. Esta nova ferramenta que, ademais, é **pioneira na Comunidade autónoma**, xa que en todo o territorio nacional só o País Vasco dispón dun instrumento semellante. Unha das principais vantaxes de Mobem é que ofrecerá aos usuarios a posibilidade de renovar a súa demanda de emprego desde o móbil.



A finais de 2013, a Amtega, en colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, puxo en marcha a **aplicación AbalarMóbil**, permitindo aos pais seguir a actividade educativa dos seus fillos desde os seus dispositivos móbiles. A aplicación está, polo momento, operativa en 13 centros educativos e o obxectivo é **implantala de xeito progresivo ao longo deste curso en todos os centros Abalar**.



Estas dúas aplicacións inauguraron o **espazo 'Xunta de Galicia'**, que se creou en 2013 nas distintas plataformas móbiles do mercado para que os cidadáns teñan un punto único de acceso ás aplicacións da Administración.

A día de hoxe a Xunta ten publicadas dez aplicacións, xa que á Mobem e Abalarmóbil súmanse a do Diario Oficial de Galicia, as do eido do turismo (Enoturismo, Sendegal, Turismo de Galicia, Bono Iacobus) as relacionadas coa meteoroloxía (Meteogalicia, MeteoRoute) e para a mocidade (Carné Xove). No último semestre de 2013, estas aplicacións suman máis de 40.000 descargas.

O camiño cara o Goberno aberto

- Púxose en marcha **Abert@s**, o portal Open Data da Xunta, que pon a disposición de cidadáns e empresas máis de **290 conxuntos de datos** en formatos abertos
- **Case se duplicou o número de seguidores nas redes sociais** da Xunta de Galicia, respecto ao ano anterior, contando actualmente con 416.000

Un elemento clave en todo o proceso de modernización da Administración autonómica é a presenza na rede e por iso o Goberno galego aprobou en outubro de 2011 o **Decreto que regula a presenza da Administración Xeral do Sector Público en Internet** co obxectivo de conseguir unha administración máis transparente, participativa e colaborativa.

O decreto **impulsa o uso das redes sociais como canle de diálogo, participación consulta e opinión**. Neste sentido, a Administración autonómica incrementou progresivamente a súa presenza nestas canles e contaba a finais de 2013 con **210 canles en redes sociais** como Facebook, Twitter, Tuenti, Flickr, Youtube ou Vimeo.

Grazas a este Decreto **estase a avanzar cara o Goberno aberto**, favorecendo a reutilización dos datos que xera a Administración pública por parte de cidadáns e empresas.



A este respecto, a Xunta conta desde marzo de 2013 cun portal Open Data, **Abert@s**, o espazo onde se está a publicar **información de interese público da Administración galega e dos seus organismos en formatos abertos e estándar**, para a súa reutilización por parte de cidadáns e empresas.

A día de hoxe acumula **máis de 290 conxuntos de datos** de carácter xeográfico, estatístico, meteorolóxico, turístico, social ou económico.

Con esta medida proporcionarase materia prima para o sector de contidos dixitais e **ábrense novas oportunidades de negocio para emprendedores** que poden crear aplicacións e prestacións en base a esta información.



No marco deste Decreto tamén procedeuse á **renovación da web corporativa** da Xunta de Galicia, deixando atrás o concepto de web institucional para converterse nun espazo de información e servizos máis orientados ao cidadán.

Este portal recibiu no 2013 **máis de 10 millóns de visitas de distintos países**.

Ademais, en abril de 2012, a Xunta de Galicia **unificou a páxina de acceso ás diferentes consellerías desde o portal web corporativo**, facilitando a navegación e o acceso aos contidos das webs de calquera dos departamentos autonómicos.

En setembro de 2013, o portal da Xunta incorporou a nova funcionalidade, "**Servizos no mapa**", que facilita a localización dos equipamentos e servizos da Administración pública (culturais, educativos, sanitarios...) tanto autonómica coma estatal e local.



O mapa dispón de **máis de 6.300 recursos xeorefenciados**, aos que se seguirán incorporando, de xeito progresivo, novos tipos de servizos co obxectivo de converterse nunha **guía de referencia** para coñecer os datos de contacto e localización destes no territorio.



O portal web institucional, xunto cos portais web do resto de Consellerías experimentaron un notable crecemento no número de **seguidores nas redes sociais**, pasando de 139.524 no 2011 a **416.000 a finais de 2013**.

Servizos públicos

e - Sanidade

- **Novos servizos para a cidadanía:** 061 de Galicia permite a consulta on line, atención telefónica e o proxecto web 2.0 de estilo de vida saudable **Xente con Vida**



- Estase a impulsar o **Fogar Dixital Asistencial**, que cun orzamento de 3,5 millóns de euros, establece un **novo modelo de atención aos pacientes crónicos**
- **Galicia** elixida como **rexión de referencia no eido do envellecemento activo e saudable** no marco da European Innovation Partnership on Active and Healthy Ageing (EIP-AHA)

Dende a implantación da **receita electrónica** no ano 2009, as TIC permitiron ao Sergas **diminuír as consultas medicas anuais nos centros de saúde**. Ademais das melloras no propio servizo, outro dos beneficios acadados con esta redución de citas administrativas é que os médicos poden dedicar máis tempo á atención dos pacientes, a súa labor fundamental.

Segundo datos de febreiro de 2013, a totalidade dos cidadáns **xa se benefician da implantación da Historia Clínica Electrónica IANUS e da eReceita**. Ambas as dúas permiten aos médicos dos centros de saúde reorientar a demanda, diminuír as visitas administrativas e adoptar actuacións dirixidas a pacientes crónicos, polimedicados e institucionalizados, garantindo a continuidade asistencial.

Grazas á aplicación da eReceita, **Galicia foi unha das comunidades con menos incidencias na posta en marcha dos sistemas de copago** e permitiu aplicar aos cidadáns os topes mensuais dende o primeiro día.

Ademais Galicia foi **a primeira Comunidade que puxo en marcha o servizo de cita previa** do Servizo Galego de Saúde. Xa desde o 2012 todos os centros de Atención Primaria dispoñían do servizo de citación por internet e case o 49% das citas entre os diferentes niveis asistenciais realízanse de forma telemática.

Todos estes servizos postos a disposición dos galegos presentan un alto grado de aceptación por parte da cidadanía.

A finais de 2013 a **imaxe dixital** podía visualizarse xa dende todos os centros de saúde e no ámbito da telemedicina, **o 99,78% dos centros xa teñen implantado este sistema** no 2013, fronte o 29% que había en 2009.

A telemedicina xoga un importante papel respecto á organización futura dos sistemas de saúde en aspectos como a asistencia no domicilio do paciente e a coordinación entre niveis asistenciais.



Esta tipoloxía de asistencia sanitaria senta as bases de iniciativas como o **Fogar Dixital Asistencial** que, dotado con máis de **3,5 millóns de euros**, permitirá a **implantación de dispositivos nos fogares dos pacientes crónicos** para enviar, en tempo real, información ao seu hospital de referencia sobre o seu estado de saúde.



Por outra banda e co obxecto de favorecer a participación cidadá no eido sanitario creouse a **Escola Galega de Saúde**, que realiza actividades de xeito presencial e telemático orientadas á formación de pacientes, familias e cidadáns nos seus procesos de saúde e enfermidade.

As necesidades de formación e programas da Escola oríéntaas o **Consello Asesor do Paciente, órgano pioneiro e de referencia en España** a través do cal os cidadáns poden achegar á Administración, as súas necesidades, inquiredanzas e solicitudes de información. O Ministerio de Sanidade decidiu estender esta iniciativa e desenvolver unha rede nacional de Escolas de Cidadáns, ademais de crear un Consello Asesor e unha Plataforma de Innovación para o propio Ministerio seguindo o modelo de Galicia.

A partir de xullo de 2012, a **Fundación Pública de urxencias Sanitarias de Galicia – 061**, puxo en marcha un **servizo de consulta médica en liña** a través da súa páxina web.

Para mellorar a accesibilidade ás consultas, diminuíndo os tempos de espera e evitando desprazamentos innecesarios, no 2013 púxose en marcha a **consulta telefónica**. Esta iniciativa, que nun primeiro momento, involucraba aos médicos de cabeceira xa ampliou a todos os profesionais de Atención Primaria. Na actualidade unhas 3.500 persoas xa utilizan en Galicia esta modalidade.

Ademais, en marzo de 2012, púxose en marcha **Xente con Vida**, unha iniciativa de comunicación on-line **destinada a sensibilizar do impacto positivo que ten para a saúde unha correcta alimentación**. Ata o primeiro semestre de 2013, a web e o blog de Xente con Vida suman **máis de 230.000 páxinas vistas** dende o seu lanzamento.



Outros dos proxectos impulsados no último ano para favorecer a creación de contornas colaborativas corresponde ao **Catálogo colectivo on-line das bibliotecas sanitarias galegas (BICO)**. Trátase dun **proxecto pioneiro en España**, mediante o que todas as bibliotecas sanitarias da Consellería de Sanidade pasan a traballar de xeito conxunto e con todos os seus fondos integrados e mediante a que **se poden localizar máis de 47.000 documentos**, como libros, revistas, publicacións periódicas e todo tipo de materiais multimedia.

O desenvolvemento destas iniciativas están a consolidar Galicia como un referente no eido sanitario, que pon a disposición dos profesionais sanitarios e da cidadanía en xeral servizos cada vez máis avanzados e innovadores.

Así, a Sociedade Española de Informática da Saúde acordou conceder ao Servizo Galego de Saúde o **Premio Nacional de Informática da Saúde 2012** como unha entidade que **destacou na implantación e uso das tecnoloxías da información e a comunicación no ámbito sanitario**.

Galicia converteuse en **rexión de referencia en Europa no tocante ao envellecemento activo e saudable** no marco da **European Innovation Partnership on Active and Healthy Ageing (EIP-AHA)**. A candidatura de Galicia foi elixida grazas a que o seu **servizo de saúde**, que posiciona aos pacientes e cidadáns no centro do sistema, **é líder na utilización de tecnoloxías**.



A importancia deste feito reside en que o nomeamento dunha comunidade como rexión de referencia ou como participante nalgúns dos grupos de traballo da EIP-AHA suporán un **mellor posicionamento á hora de captar fondos europeos** para desenvolver proxectos sanitarios e de innovación.

En novembro do 2013 **a conselleira de Sanidade participou na segunda xornada deste Partenariado** xunto aos máximos representantes sanitarios de toda Europa.

Ademais, en recoñecemento ao esforzo e á aposta realizada por Sanidade pola transformación e modernización do sistema sanitario a través de fórmulas de xestión integrada, a xestión por procesos e a xestión clínica, que organizan a prestación de servizos arredor das necesidades do paciente, a Consellería recibiu

- o **premio Best in Class (BIC)** á mellor xestión hospitalaria de España e ao mellor proxecto en e-Saúde.

e – Benestar

- **Aproboouse o Plan Trabe** para **modernización tecnolóxica dos servizos sociais**, orientado a mellorar a súa eficiencia garantindo a sustentabilidade do sistema e incrementando a súa capacidade
- Púxose en marcha o **Programa Miavizor**, un proxecto **pioneiro e innovador** no ámbito da **teleprevención sociosanitaria**
- **Mellorouse o sistema de videointerpretación** para o acceso á información do 012, facilitando a accesibilidade a **84.000 galegos con discapacidades auditivas**

Garantir o acceso igualitario ás novas tecnoloxías continúa a ser unha das prioridades da Xunta de Galicia, polo que séguense a potenciar iniciativas que garantan que todos os galegos poidan aproveitar e facer uso dos contidos e servizos dixitais que están ao seu alcance.



Así, a Xunta puxo en marcha no 2011 un **servizo de videointerpretación en lingua de signos** que permite que as persoas con discapacidade auditiva poidan **acceder á mesma información que se facilita a través do 012**.

Máis de 84.000 galegos poden beneficiarse desta prestación, que foi mellorada no 2012 a través da **substitución do videoteléfono na modalidade presencial por pantallas táctiles**. Deste xeito, favorécese unha comunicación máis directa entre a persoa con discapacidade auditiva, o empregado público e o videointérprete.

Ademais, grazas **ao Proxecto TIC TAC**, desde o 2011 son **160 centros públicos** os que contan con **equipamento adaptado para persoas con discapacidade visual, auditiva, cognitiva ou motora**.

Co fin de incrementar o benestar dos máis maiores, en setembro de 2012 desenvolveuse o **Programa Miavizor, no ámbito da teleprevención sociosanitaria**, máis avanzado e completo que a teleasistencia tradicional.

Este programa garante a atención ás persoas maiores sen necesidade de que suceda unha urxencia, a través dun sistema inalámbrico de sensores que **proporcionan información continua sobre o usuario**, permitindo **detectar e anticiparse a posibles problemas de saúde**. Desta forma mellora a súa seguridade e calidade de vida.



No ámbito dos servizos sociais, destaca a aprobación do **Plan Trabe** para a implantación efectiva das TIC nesta área. Un dos eixos clave deste plan será a creación dun **sistema integrado de intercambio de información** entre os sistemas sociosanitarios e as administracións local e autonómica. Esta iniciativa supón un paso imprescindible para implantar a **historia social única do usuario, que se integrará coa historia clínica**.

A implementación desta plataforma tecnolóxica facilitará a implantación efectiva da historia social única dos usuarios, que poderá integrarse coa historia clínica e simplificará o labor dos preto de 30.000 profesionais que integran o Sistema galego de servizos sociais.

Esta iniciativa permitirá a **optimización do gasto sanitario**, acadando un **aforro estimado** de arredor de **30 millóns de euros anuais**. Ademais, a integración da tecnoloxía na xestión dos servizos sociais permitirá un aforro de 4 millóns de euros ao ano.

Neste 2013 realizáronse actuacións de **mellora da conectividade, das infraestruturas e do equipamento dos centros**, especialmente de residencias de maiores e de persoas con discapacidade, así como das estruturas de soporte e atención aos ditos centros.

Tamén relevante foi a actuación para permitir o **acceso dos médicos** das residencias de maiores as ferramentas de **historia clínica electrónica do servizo sanitario**, o que redunda nunha mellor atención médica aos usuarios e permite una mellor coordinación e eficiencias na atención socio-sanitaria.

Neste ámbito, e en liña co recollido no plan, foron relevantes as evolucións nos sistemas que constitúen o núcleo dos sistemas de información de servizos sociais:

SIGAD	PRESTACIÓNS	CDI	SGAMP	PLAN CONCERTADO
Sistema de Información Galego de Atención a Dependencia	S.I. de Pensión Non Contributivas e Renda de Integración Social	S.I. Censo de Discapacitados	Plataforma do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal	S.I. de Xestión do Plan Concertado
	Novas aplicacións postas en funcionamento en 2013	Nova aplicación posta en funcionamento (parcialmente) en 2013		

Na mesma liña, desenvolveuse o **Expediente dixital en dependencia**, que constitúe unha parte importante do **Plan de modernización tecnolóxica do sistema galego de servizos sociais**. Para a posta en marcha desta iniciativa, a Consellería de Traballo e Benestar levou a cabo tres fases: a dixitalización dos expedientes históricos, a implantación dun programa de xestión documental e traballou na tramitación electrónica.

O obxectivo deste Plan é **avanzar cara o expediente social único** a través da integración das TIC nos sistema para mellorar as prestacións, simplificar procedementos, reducir os prazos de tramitación e compartir información e recursos entre todas as administracións.

e - Educación e cultura

- Preto de **45.000 alumnos** benefíciáanse do **Proxecto Abalar**, que xa dispón de **máis de 2.000 aulas dixitalizadas** en **531 centros** educativos
- O Proxecto Abalar viuse recoñecido a nivel nacional co premio **“Protagonistas da Educación 2012”**
- Creouse **Redeiras**, unha rede social para favorecer o **traballo colaborativo entre o profesorado**
- Galicia **avanza cara as bibliotecas dixitais** coa execución da **Lei de bibliotecas** e a posta en marcha do **Plan Lía**



A día de hoxe, no marco do proxecto Abalar, cóntase con **máis de 2.000 aulas dixitalizadas pertencentes a 531 centros educativos** repartidos polas catro provincias galegas, 1.331 aulas máis que con respecto a 2010.



A finais de 2013, máis de **44.400 estudantes pertencentes aos cursos de 5º e 6º de Primaria e 1º e 2º de ESO** benefíciáanse desta iniciativa, **case 30.000 máis que a finais de 2011**.

Ao longo do 2012 continuouse coa realización de actividades formativas a coordinadores e profesores participantes no Proxecto, co que xa se conta **con máis de 21.000 profesores e 720 coordinadores formados**, a través da impartición de **37.000 horas de formación**. Ademais, preto de 1.700 profesores participaron nas 945 horas de formación que se impartiron a distancia.



No último ano **incrementouse notablemente o uso do espazoAbalar**, duplicándose no **2013 o número de visitas e de contidos descargados** en comparación co 2012.

O espazo a día de hoxe conta con máis de **2.000 recursos dispoñibles** e rexistrou máis de **2,2 millóns de visitas, 2,65 millóns de contidos descargados, e 120.000 accesos** por parte de pais e nais interesados en levar a cabo o **seguimento académico** dos seus fillos/as.

Coa incorporación, en 2013, de 37 novas materias e 483 temas de bacharelato **ponse a disposición da cidadanía, de forma totalmente gratuíta, a práctica totalidade do currículo de bacharelato**.

Debido ao **impacto e o poder transformador** que supón esta iniciativa no eido educativo e a súa **contribución na mellora da educación española**, o Proxecto Abalar **veuse recoñecido co premio "Protagonistas da Educación 2012"** da revista Magisterio, ademais de ser elixido como **finalista dos Premios Fundetec 2012** na categoría de **Mellor Proxecto de Entidade Pública ou Privada dirixida a Cidadáns**.

Co fin de impulsar a creación de espazos virtuais que permitan unha mellor comunicación entre os axentes que



forman parte da comunidade educativa, en abril de 2012 creouse **Redeiras**. Consiste nunha rede social que **favorece a interrelación entre o profesorado galego**, co fin de fomentar o traballo colaborativo e o intercambio de experiencias como complemento á súa práctica educativa. Actualmente esta rede **supera os 9.000 usuarios rexistrados**.



Ademais, a Xunta de Galicia, no marco do **Plan LÍA**, dotará a **115 bibliotecas escolares de centros de ensino de Galicia de lectores electrónicos** a través do proxecto piloto 'E-Lectores nas bibliotecas escolares' (E-LBE). Ademais dos 25 centros que xa recibiran os dispositivos en xullo de 2013, achegaranse recursos aos centros de ensino para a adquisición de e-lectores, co fin de continuar reforzando a competencia lectora en formato dixital.

A posta en marcha deste Plan posibilitou que a rede de centros integrados no **PLAMBE (Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares)** acadase en xullo de 2013 os **524 colexios e institutos**, 300 máis dos que había ao inicio da lexislatura o que supón un incremento do 134%.

A Xunta está así a favorecer a incorporación das novas tecnoloxías nas bibliotecas de Galicia, avanzando cara verdadeiras bibliotecas públicas dixitais.

Así aprobouse a **Lei de Bibliotecas**, que está en vigor desde xullo de 2012 e establece as condicións básicas para **adaptar a xestión das bibliotecas públicas galegas ao contexto dixital** co fin de consolidar as bibliotecas como centros produtores e provedores de información que melloren o acceso e favorezan procesos de democratización cultural.

Neste contexto, salienta **Galiciana**, que pon a disposición dos usuarios unha gran colección en rede de **reproduccións dixitais de documentos orixinais de bibliotecas de Galicia** e a día de hoxe xa permite a consulta, lectura e descarga de **máis de 4.900 obras**.



En 2013 a Consellería de Cultura e Educación convocou por primeira vez **premios a proxectos de innovación tecnolóxica desenvolvidos polos centros que imparten Formación Profesional**



en Galicia.

Deste xeito, búscase **poñer en valor o traballo destes centros e estimular as iniciativas dos estudantes**, que servirán na súa vida profesional como xermolo do progreso e da competitividade das empresas galegas.

e – Xustiza


- No 2013, **ampliouse o alcance das notificacións telemáticas** aos colectivos de Avogados do Estado e Asesoría xurídica da Xunta, **superándose os 4 millóns de notificacións**
- O despregue da **rede de videoconferencias** nos órganos xudiciais galegos permitiu a realización de máis de **3.000 videoconferencias**
- Púxose en marcha a **Comunidade Virtual de Aprendizaxe** da Administración de Xustiza en Galicia
- Asinouse un convenio co goberno central en 2013 para o **desenvolvemento conxunto dun novo Sistema Integrado de Xustiza (SIJ)**

Para lograr unha xustiza máis transparente, eficaz e próxima á cidadanía, a Xunta de Galicia puxo en marcha no 2010 o **Plan Senda 2014**. Este plan, que conta un investimento total de 34 millóns de euros, **establece por primeira vez unha folla de ruta para integrar as TIC no ámbito xudicial galego**.

Desde a súa posta en marcha, a Xunta investiu case **22 millóns de euros na renovación de equipamento e no desenvolvemento de infraestruturas tecnolóxicas** neste eido.

Unha das actuacións realizadas foi a **renovación dos equipos informáticos** cunha antigüidade superior a cinco anos. Así, con esta iniciativa a **porcentaxe de equipos instalados cunha antigüidade inferior a 5 anos pasou do 37,4% en 2009 ao 88% en 2013**.

Equipos con antigüidade < a 5 anos



Ademais **no 2011 comezou o despregamento dunha rede de videoconferencia** nos órganos




xudiciais, que finalizou no 2012 e permite contar a día de hoxe con **55 postos de videoconferencia**. Grazas a esta rede, realizáronse máis de **3.000 videoconferencias**. Posteriormente, no 2013, firmouse un **convenio** de colaboración entre a Xunta, o Goberno Central e o Poder Xudicial **para fomentar o uso** directo do sistema de videoconferencia entre os **órganos xudiciais e os centros penitenciarios** radicados en Galicia.

No 2012 tivo lugar o **remate do proceso de integración dos órganos xudiciais de administración de Xustiza en Galicia no uso de Lexnet**, o sistema que permite o intercambio seguro de información a través da vía telemática entre xulgados, procuradores e avogados.

Así, en decembro de 2013 **o 100% dos órganos xudiciais** en toda a comunidade utilizaban Lexnet de forma habitual.

No 2013 **ampliouse o alcance** das notificacións telemáticas aos colectivos de **Avogados do Estado e Asesoría xurídica da Xunta**, acadando un volume total de notificacións de **máis de 4 millóns**.



Outro dos sistemas de información implantados no marco do Plan Senda corresponde ao sistema de **Rexistro Civil en liña (Inforeg)** ao que **teñen acceso o 99% dos Xulgados de Paz galegos**. Este sistema permite realizar de forma centralizada a inscrición e certificación de nacementos, matrimonios, defuncións e tutelas nos 45 Rexistros Cívís municipais e nos 270 Xulgados de Paz repartidos por toda Galicia.

Ademais no 2012 **realizouse un piloto coa aplicación de gravación de vistas** que, dado o éxito do resultado, impulsouse a súa implantación nas salas de vistas ao longo do 2013 conseguindo que estean en funcionamento 15 sistemas de gravación de vistas en sala, 4 repositorios de sede xudicial e **graváronse máis de 5.870 vistas co sistema eFidelius**.

Para apoiar este proceso, a Xunta asinou a finais de 2013 un **convenio bilateral con Red.es** para o equipamento deste sistema de gravación nun centenar de salas. En definitiva, trátase de **implantar en dúas fases -2013 e 2014- o novo**

sistema de gravación de vistas en 171 salas e 44 sedes xudiciais, dando servizo aos máis de 260 órganos xudiciais de Galicia.

Como resultado, o 9% das salas de vistas dos xulgados de Galicia estaban dotados de sistemas de gravación de vistas con sinatura dixital no 2013.



áreas do Instituto.

Por outra banda, a finais de 2011 púxose en marcha o **sistema de xestión para a actividade do IMELGA (SIMELGA)** en todas as subdireccións territoriais, que permite simplificar o acceso á información e facilitar a homoxeneización dos criterios de recollida de información en todas as

A finais de 2013 o **SIMELGA** acadou un volume de case **30.000 expedientes rexistrados**.

No ámbito formativo e co obxecto de garantir a correcta adaptación dos profesionais aos novos sistemas de información, realizáronse **máis de 1.400 actividades formativas** que beneficiaron aos profesionais do eido xudicial galego.

Ademais, desde febreiro de 2013, os profesionais da xustiza xa poden acceder á **Comunidade Virtual de Aprendizaxe da Administración de Xustiza en Galicia (CVA)**. Constitúe un **punto de encontro para a resolución**



de dúbidas, a ampliación de coñecemento e a consulta de toda a información relacionada coas actividades formativas e os materiais didácticos das aplicacións informáticas de Xustiza. Ata finais de ano, acumulou **máis de 7.000 accesos**.



Doutra banda, en 2013 púxose en marcha a primeira fase do **portal eXustiza** para facilitar a relación da cidadanía coa administración xudicial, reunindo información de interese para calquera persoa que teña que acudir ante os tribunais.

A web irá **ampliando progresivamente os seus contidos**, con máis información sobre os órganos da Administración de Xustiza en Galicia e con utilidades específicas para profesionais do sector. Este portal **albergará a futura sede xudicial electrónica** que permitirá a comunicación telemática entre cidadáns e

profesionais do eido xudicial coa Administración de Xustiza con todas as garantías técnicas e xurídicas.

O portal inclúe apartados con **utilidades específicas** para dous procesos, para as persoas prexudicadas polo **accidente ferroviario de Santiago de Compostela** e para a presentación de demandas por **investimentos en produtos financeiros** (preferentes e subordinadas). Na sección para as demandas por investimentos en preferentes e subordinadas inclúese un formulario en liña para a **presentación telemática da demanda**. Pola súa parte, as persoas prexudicadas polo accidente de tren poden **consultar** en eXustiza o **estado** actual de **tramitación** do procedemento e os contactos de interese.

Finalmente, cómpre salientar que **Galicia liderará o Plan tecnolóxico estatal para a modernización da xustiza**, a través dun convenio entre o Goberno do Estado e o galego asinado en abril de 2013 e dotado con **cinco millóns de euros de investimento ata o ano 2015**. O orzamento destinarase a completar o expediente xudicial electrónico, a tramitación telemática, os distintos sistemas informáticos e a cooficialidade lingüística.

Así mesmo, o texto contempla o **desenvolvemento conxunto dun novo Sistema Integrado de Xustiza (SIJ)**. Deste xeito, a Xunta colaborará co Goberno central realizando un conxunto de iniciativas TIC no ámbito xudicial galego que se porán a disposición doutras Comunidades.

As actuacións definidas no convenio concrétnanse nun **Plan de Proxectos**, presentado a mediados de 2013, e que se desenvolverán **ata 2015**. Os seus obxectivos principais son a **implantación do expediente xudicial electrónico** e a posta en marcha da **Sede Electrónica do ámbito xudicial**.

Formación dos empregados públicos

- Dende 2011 ata 2013, realizáronse **627.000 horas de formación nas modalidades presencial e teleformación no eido das TIC** para o desenvolvemento das competencias dixitais dos empregados públicos



- Preto de **600 empregados públicos** xa dispoñen da **certificación galega de competencias dixitais en ofimática**, no marco da iniciativa CODIX

Durante o 2012 continuouse coa realización de actividades formativas no ámbito das TIC destinadas aos empregados públicos co fin de facer un **uso máis eficaz dos recursos tecnolóxicos** e conseguir unha **administración máis eficiente e con mellores servizos para o cidadán**.

Desde xeito, entre os anos 2011 e 2013, **impartíronse un total de 627.000 horas de de formación a través da execución das modalidades presencial e teleformación**, orientadas á aplicación das novas tecnoloxías nos diferentes servizos públicos como son a e-administración, a educación, a sanidade ou a xustiza entre outros.



Como un paso máis neste eido, **aproboouse no 2010 o decreto que regula o proceso para obter un certificado de competencias dixitais en ofimática (CODIX)**. Este Decreto permite dispor dun

mecanismo normalizado que facilite ás empresas e ás administracións públicas a avaliación do nivel de competencia en ofimática tanto das persoas empregadas como das que aspiran a un posto de traballo.

En base a este Decreto, en setembro de 2012 convocáronse probas de avaliación de carácter libre das actividades formativas que compoñen o **Plan Formativo Ofimático de Galicia** para o persoal ao servizo da Administración pública galega.

A superación das probas que contempla este Plan (uso de follas de cálculo, aplicacións informáticas de tratamento de textos, representacións gráfica de información, etc...) permitiu entregar desde a súa posta en funcionamento **preto de 600 certificados acreditativos**. En 2013 o número de certificacións emitidas foi máis do dobre que o ano anterior.



Para darlle a oportunidade a un maior número de empregados públicos de alcanzar o Codix, a Egap estableceu o **sistema de 'probas libres'**, mediante o cal os alumnos deben superar un exame das citadas materias para acreditar o seu coñecemento.





Dende a posta en marcha do Plan no 2011, a Egap programou un total de **16.500 prazas en cursos e probas libres** destinadas para que os empregados públicos poidan obter esta certificación.

Co obxectivo de **facilitar o acceso dos empregados públicos ao CODIX**, a Amtega e a EGAP asinarán **convenios cos**

sindicatos presentes na Administración autonómica, que **imparten accións formativas** e teñen os mesmos contidos que o Plan Formativo Ofimático de Galicia.

Así, aproveitando esta coincidencia, os acordos asinados permitirán que os traballadores que superen os cursos AFEDAP coincidentes co Plan Ofimático poidan **acceder ao CODIX a través dun exame presencial**.

Administración eficiente e auster

- Creouse a **Amtega**, que está a asumir todas as competencias de planificación, ordenación, xestión e supervisión TIC do sector público autonómico galego
- O **CPDI** foi recoñecido como **un dos mellores proxectos tecnolóxicos** a nivel estatal e xa están trasladados a súa sede preto do **45% dos CDPs do proxecto**
- O desenvolvemento do **Plan de Software Libre** nos anos 2010, 2011, 2012 e 2013 logrou a execución de **máis de 340 actuacións para o fomento do software libre e as fontes abertas**
- Galicia contará en 2014 **coa Rede de Emerxencias máis avanzada do Estado**, a **adxudicación do contrato** foi publicada en agosto de 2013

Coa ambición de conseguir un modelo de **xestión integrado das TIC**, que permita prestar mellores servizos, máis eficaces e con menor custe, evitando duplicidades administrativas, creouse a Amtega en marzo de 2012. Outro dos fitos salientables neste marco, foi a adopción dun plantexamento de traballo por obxectivos co compromiso do equipo directivo e a avaliación anual de resultados.



O Decreto de constitución da Amtega establece como **período máximo para a integración** de todos os medios materiais, persoais e competencias un prazo de **catro anos**, que se levará a cabo gradualmente.

Deste xeito, no primeiro trimestre de 2012 foron incorporados á Amtega os medios persoais correspondentes á **Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica** e o persoal TIC das **Secretarías Xerais de Presidencia**, xunto co persoal TIC da **Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza**.

Máis tarde, ao longo do 2012, adscribíronse os **servizos, recursos económicos e persoal de tecnoloxías da información e comunicacións** doutras **5 consellerías**: Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas; Economía e Industria; Cultura, Educación e Ordenación Universitaria; Traballo e Benestar; e Medio Rural e do Mar.

Ata decembro de 2013, o proceso de integración da Amtega e a integración da infraestrutura tecnolóxica supuxo un **aforro dun 25% no custo dos contratos de mantemento e adquisición de novos sistemas** debido ás economías de escala, ás novas ferramentas de virtualización e ao impulso do software libre.

Os primeiros resultados da xestión centralizada apuntan á consolidación dun **aforro anual no gasto TIC de máis de 6 millóns de euros**, ao que tamén contribuíu a centralización de compras e servizos e a unificación de contratos.



Dentro do período 2009-2013, cabe destacar o **premio CIO Directions 2013** outorgado á Amtega como o **organismo público máis innovador**, destacando o labor da Amtega na definición da estratexia tecnolóxica global do Goberno galego e a súa **aposta por un modelo de xestión integrada das TIC**.

En setembro de 2012 púxose en marcha o **Centro de Proceso de Datos**, unha infraestrutura que **integrará nun mesmo espazo as funcionalidades dos CPDs** existentes e que unha vez consolidado permitirá un **aforro de 3 millóns de euros** anuais. A finais de 2013, estaban trasladados ao Gaiás o 45% dos CPDs integrados no proxecto.

Xunto coa Amtega, o CDP é a **pedra angular da estratexia tecnolóxica autonómica**. Así, configúrase como unha plataforma máis segura e máis sinxela prestando servizos a:



2,7 millóns de cidadáns e cidadás
600 centros sanitarios
322 entidades xudiciais **1.400** centros educativos
1.260 centros administrativos **90.000** empregados públicos
Outras **entidades públicas** galegas



Esta consolidación e homoxeneización da infraestrutura tecnolóxica permite levar a cabo a **negociación conxunta de contratos públicos**, conseguindo un **aforro dun promedio do 37% nas licenzas de software**.



Dado o seu carácter innovador e os múltiples beneficios que leva consigo, o CPDi da Xunta **foi recoñecido pola Fundación Dintel co premio “Mellores Proxectos Data Centers 2012”** como unha das mellores iniciativas tecnolóxicas neste eido a nivel estatal.

A Xunta de Galicia mantén a súa aposta estratéxica polo **fomento do uso do Software Libre**, considerando tales tecnoloxías como ferramentas de gran valor para avanzar cara un modelo produtivo máis sostible, cara unha sociedade máis competente no ámbito tecnolóxico, e cara unha administración pública máis eficiente e próxima á cidadanía.



No 2013 a Xunta mantivo a súa aposta polo fomento e promoción do Software Libre e dos estándares abertos, e por facer uso deste tipo de solucións en iniciativas como o **desenvolvemento da eAdministración**, o proxecto **Abalar**, na **formación tecnolóxica** que a Xunta ofrece aos cidadáns a través da **Rede CeMIT** e nas accións dirixidas ao sector empresarial a través do **Centro Demostrador TIC**.

Con este propósito, desde o ano 2010 véñense poñendo en marcha os **Plans anuais de Software Libre**, que manteñen un alto grao de actividade nos que colaboran distintos organismos, tanto en accións de fomento e difusión do Software libre coma de formación.

En canto á inversión, entre os **anos 2010 e 2013** mobilizáronse un total de **3,4 millóns de euros** e en total leváronse a cabo **máis de 340 actuacións** para o impulso do software libre na comunidade.

Outra das actuacións destacables foi a **creación da Oficina de Coordinación de Software Libre no 2010** como a entidade coordinadora das diferentes accións promovidas pola Xunta de Galicia relativas ao fomento e promoción do software libre e as fontes abertas. No marco da súa actividade celebráronse distintas **xornadas de difusión e formación** para a cidadanía, colaborouse na organización de **eventos** como a conferencia internacional “**Libre Software World Conference**” que se celebrou na Cidade da Cultura no 2012. Ademais, asináronse convenios de colaboración con distintos axentes como a AGASOL, as tres universidades galegas e diversas asociacións de usuarios de software libre de Galicia.




Nesta liña, en marzo de 2011 a Xunta de Galicia incorporouse ao **padroado da Fundación do Centro Nacional de Referencia de Aplicación das Tecnoloxías da Información Comunicación baseadas en Fontes Abertas (CENATIC)**. Esta colaboración permitiu que durante o ano 2012 puideran desenvolverse actuacións conxuntas para o asesoramento a empresas TIC en materia de liberación, a formación certificada de CENATIC ou o apoio na liberación de aplicacións da Xunta de Galicia.



No afán por conseguir unha administración máis eficiente creouse no 2010 do **Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA)**, mediante a fusión dos dous observatorios existentes anteriormente (OGSI e OCEG) neste ámbito.

Actualmente, é un **órgano asesor para a valoración da evolución da sociedade da información**, a modernización administrativa e a administración electrónica nas administracións en Galicia, apoiándose no seu Sistema de Indicadores ao abeiro do IV Plan Galego de Estatística 2012- 2016. Ademais realiza labores de **participación e colaboración coas distintas Administracións públicas**.

Desde 2011 publicáronse **59 informes** e realizouse o **seguimento de máis de 650 indicadores** sobre equipamento e uso das TIC nas empresas, no sector TIC, na administración electrónica nos concellos e na Xunta de Galicia e diversos **estudos temáticos** sobre software libre, banda larga e uso das TIC para a integración laboral das persoas con discapacidade.



A web do Osimga web recibiu en 2013 **máis de 82.600 visitas**, preto dun **28% máis que en 2012**, superando xa os 44.000 visitantes distintos en 2013. Ademais, conta con máis de 1.800 subscritores ao seu boletín semanal de actualidade.

Tamén no 2013, publicou máis de 860 análises e noticias sobre o nivel de desenvolvemento das TIC en Galicia, e promoveu a colaboración e o intercambio de experiencias e información con máis de 20 administracións, outros observatorios, organismos ou entidades.

Na senda cara a optimización na recollida de datos relativos á Sociedade da Información nos fogares e nas empresas de Galicia asinouse en 2012 un **convenio de colaboración entre a Amtega e o Instituto Galego de Estatística (IGE)**.



En virtude deste acordo, **os informes que publique o OSIMGA basearanse en datos procedentes de enquisas que realiza o IGE no caso dos fogares e do INE no ámbito das empresas**, o que suporá evitar duplicidades redundando nun aforro de recursos estimado en máis **de 50.000 euros** anuais.

Ademais, suporá un **aumento da mostra** que fará posible unha maior desagregación dos datos segundo áreas xeográficas axustándose máis ás características propias do hábitat galego.



Finalmente, no mes de agosto de 2013 foi publicada a **adxudicación do contrato da Rede de Emerxencias na Comunidade Autónoma de Galicia**. Coa súa entrada en funcionamento, Galicia converterase na primeira comunidade do estado en contar con unha **rede de emerxencias con capacidade para multiplicar por 5 a velocidade de transmisión de datos** respecto ás redes de emerxencia convencionais que permitirá blindar as 24 horas a resposta ante as emerxencias na Comunidade.

O **investimento que se vai realizar será de 6,3 millóns de euros** e a nova Rede integrará a todos os colectivos que participan na resolución de situacións de



emerxencia: inicialmente Protección Civil, Axega, Policía Autonómica, 112, Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais (SPDCIF), Grumir, Bombeiros e 061. Esta rede porase a disposición doutros organismos públicos, como deputacións ou concellos, conseguindo deste xeito, unha **maior coordinación** dos distintos servizos de emerxencias.

Esta iniciativa está orientada a mellorar a xestión das situacións de emerxencia en Galicia, ofrecendo un **servizo eficaz á cidadanía e optimizando os recursos existentes**. Neste sentido, para o seu despregamento estanse a aproveitar infraestruturas de telecomunicacións implantadas no marco do Plan Banda Larga e as redes do operador público Retegal, permitindo un **aforro adicional de 37 millóns de euros en 10 anos** respecto ao uso de redes comerciais.

A previsión é que a nova rede dixital estea operativa en todo o territorio galego a finais de 2014 cunha **cobertura mínima para o 84% do territorio e o 94% da poboación**, de xeito que ademais de incrementar a cobertura actual nas accións de prevención e defensa contra os incendios forestais, garantirá un alto grao de cobertura nas principais vías de comunicación, portos, aeroportos e zonas industriais de especial risco.



II.iii. DINAMIZACIÓN ECONÓMICA, CRECEMENTO E EMPREGO: ECONOMÍA DO COÑECEMENTO

O eixo de actuación correspondente á “Dinamización económica, Crecemento e Emprego” así como o relativo a “Economía do coñecemento” fundaméntanse no **apoio aos sectores produtivos**, na **mellora da competitividade**, na **creación de emprego** así como no impulso ao **emprendemento**, á **innovación** e á **internacionalización**.

Para conseguir estes obxectivos, a Axenda Dixital de Galicia conta con dúas liñas estratéxicas “Transforma TIC” e “EconomiC-IT” que **potencian decididamente ao sector da economía do coñecemento** como sector estratéxico para Galicia e **fomentan o emprego das TIC por parte das empresas galegas** como factor clave para incrementar os seus niveis de produtividade e competitividade.

O Centro Demostrador TIC de Galicia

- O **nivel de participación no Centro Demostrador TIC de Galicia (CDTIC)** no 2013 **incrementou en máis dun 80%** con respecto ao ano anterior
- Seguimento das actividades do CDTIC a través de **videoconferencia nas aulas CeMIT e participación a través de redes sociais**
- O **26% das empresas** que presentaron solucións no CDTIC **pecharon un contrato** coas empresas asistentes
- Entre 2012 e 2013 o Centro **265 horas de formación especializada** a través de **31 talleres**
- Máis de **550 solucións TIC e 227 provedores** tecnolóxicos xa **forman parte do Mapa de Capacidades Tecnolóxicas de Galicia** (MapaTIC.gal)



En xullo de 2011 entrou en funcionamento o **Centro Demostrador TIC**, que constitúe un **punto de encontro entre a oferta TIC e a demanda tecnolóxica do tecido empresarial galego**.




Así, o seu principal obxectivo é achegar ás empresas dos diferentes sectores produtivos os produtos e servizos do sector TIC galego susceptibles de satisfacer as súas carencias tecnolóxicas, e mellorar os seus niveis de produtividade e competitividade.

Desde a súa posta en marcha **foron presentadas máis de 93 solucións tecnolóxicas**, 37 máis que a finais de 2012. Cómpre sinalar que o **26,2% das empresas que presentaron unha solución no CDTIC, pecharon polo menos un contrato** entre as empresas asistentes ás actividades. Esta porcentaxe **ascende, en 2013, a un 41% no caso das empresas que recibiron solicitudes de elaboración de orzamentos** para a implantación da solución presentada.

Ademais, o **85,76% dos asistentes** ás presentacións do CDTIC **accederon a solucións, servizos e provedores tecnolóxicos que non coñecían** ata a súa participación.

En total, **máis de 2.000 profesionais participaron nas actividades** levadas a cabo no CDTIC desde a súa posta en marcha. O feito de que no 2013, se posibilitara a opción de seguimento dalgunhas actividades a través de **videoconferencia nas aulas CeMIT** e a participación a través de redes sociais provocou un incremento relativo no número de asistentes de máis dun 80% con respecto a 2012.



Entre o 2012 e o 2013 o CDTIC ofertou **265 horas de formación especializada a través de 31 talleres**, onde os asistentes puideron adquirir coñecementos sobre Cloud Computing, aplicacións para Smartphones, comercio electrónico, redes sociais como ferramenta de marketing dixital, as últimas novidades sobre realidade virtual e aumentada ou temas relacionados co Training Comunicación TIC e Software Libre.

En 2013 **puxéronse en marcha as Semanas TIC Sectoriais**, enmarcadas dentro das accións encamiñadas á **sensibilización sobre a aplicación das TIC** aos procesos produtivos da empresas.

O **téxtil foi o sector protagonista da I Semana TIC** reunindo a máis de 130 profesionais e na que se presentou o **Catálogo ModaTIC.gal**, unha mostra representativa de empresas e axentes de innovación no ámbito TIC, así como, un conxunto de produtos e servizos tecnolóxicos específicos para o sector téxtil.



No marco deste proxecto creouse o **MapaTIC.gal** a principios de 2012, co obxectivo de establecerse como un **punto de encontro virtual entre os diferentes actores que participan na Oferta-Demanda Tecnolóxica de Galicia**.

A plataforma web facilita unha ampla visibilidade ao sector TIC chegando a unha media de case **340 visitas mensuais** en 2013 e na que **actualmente se pode atopar información de 227 provedores galegos** de tecnoloxía que ofertan **máis de 550 solucións tecnolóxicas**.

Compra Pública de Tecnoloxía Innovadora

- A **Plataforma de Innovación** facilitou a elaboración dos proxectos **Hospital 2050 e innovaSaude**, dous programa cun orzamento de máis de **90M€**
- O **coñecemento e experiencia dos axentes TIC galegos** no eido da saúde, materializado en 162 proxectos de 43 axentes, é **recollido** no **"Mapa de Capacidades tecnolóxicas de Galicia no ámbito sanitario"**
- **Constituíuse** a agrupación **KIC Gallaecia**, a candidatura conxunta de Galicia ao KIC europeo de envellecemento activo e vida saudable

A aposta da Xunta de Galicia pola Compra Pública de Tecnoloxía innovadora está a materializarse a través do desenvolvemento no eido sanitario dos proxectos **INNOVASaúde e Hospital 2050**.

Supoñen un total de **32 proxectos centrados na mellora da prestación sanitaria e dos servizos asistenciais** e establecen un novo modelo de hospitalización que vai permitir deseñar o hospital do futuro.



Cun **orçamento de máis de 90 millóns de euros**, constitúen as liñas de traballo nas que o Servizo Galego de Saúde identificou necesidades clave, en consonancia co Plan Estratéxico do Sergas 2014, e nas que vai financiar actividades de desenvolvemento de **novos modelos e produtos para a mellora da calidade e sostibilidade do sistema sanitario**, así como servizos que dinamizarán a actividade empresarial.

Son un **elemento importante de fomento da innovación tecnolóxica**, ademais de favorecer a colaboración entre os axentes do sistema de I+D+i, a transferencia de tecnoloxía galega ao mercado, ao investimento privado en Galicia e a xeración de emprego cualificado.

Para a súa posta en marcha, empregárase o **"Mapa de capacidades tecnolóxicas de Galicia no ámbito sociosanitario"**. Este documento foi elaborado no 2010 e constitúe unha **recompilación exhaustiva de información dos 162 proxectos tecnolóxicos** desenvolvidos en Galicia **no ámbito sanitario por parte de 43 axentes** pertencentes a grupos de investigación, centros tecnolóxicos e sector tecnolóxico empresarial de Galicia.



Estes proxectos son impulsados no marco da **Plataforma de Innovación Sanitaria**, que foi creada no 2011 e ten como obxectivo xestionar as ideas de mellora do sistema que formulan os usuarios seguindo un **modelo de innovación aberta** e que invita á participación non só dos profesionais, dos cidadáns e dos pacientes, senón tamén de universidades, centros tecnolóxicos e empresas na construción do sector sanitario galego.

A través da Plataforma trátase de **promover e coordinar a participación da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde en proxectos de innovación e xestionar os resultados dos mesmos**, facilitando así o establecemento de colaboracións entre as diferentes administracións, o Sergas, os centros de coñecemento e as empresas tecnolóxicas.

Ademais, dende a Xunta de Galicia, considérase que a aposta pola innovación constitúe un elemento indispensable para lograr o impulso económico e o avance da nosa sociedade.

Baixo esta premisa, e co obxecto de contar cun eixo vertebrador das distintas políticas de innovación das Administracións Públicas Galegas, **creouse en xaneiro de 2012 a Axencia Galega de Innovación (GAIN).**



A GAIN, ademais de **liderar as políticas de innovación** da Xunta de Galicia, centra os seus esforzos no **fomento de estratexias de valorización do coñecemento** desenvolvido polas empresas, universidades e centros tecnolóxicos e de investigación; na **promoción de dinámicas de colaboración entre os axentes do Sistema Galego de Innovación**; na **internacionalización** dos logros en materia de I+D+i e na **captación e xestión de talento** innovador.

Outra das actuacións postas en marcha para o fomento da innovación no ámbito sanitario e a **constitución do Clúster da saúde** que tivo lugar en setembro de 2011.


O clúster **engloba a 34 institucións, organismos e empresas de servizos sanitarios, farmacéuticos, tecnolóxicas e alimentarias** e en setembro de 2012 presentou o seu Plan estratéxico 2012-2014, orientado ao desenvolvemento da excelencia empresarial no campo da saúde e a innovación.

Neste período, asinouse un **convenio de colaboración** entre os departamentos autonómicos de Sanidade e de Traballo e Benestar; a GAIN; as tres universidades galegas; o Clúster da Saúde de Galicia, as fundacións Ramón Domínguez; Novoa Santos; así como a Fundación Biomédica do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo e o Centro Tecnolóxico Gradient, **para acordar a constitución da agrupación KIC Gallaecia**, e aprobar as súas regras de funcionamento.



Esta Comunidade constitúe a candidatura conxunta de Galicia ao KIC europeo de envellecemento activo e vida saudable. Ademais, supón unha oportunidade extraordinaria para a nosa rexión tanto pola entrada nunha **rede internacional de excelencia** de primeiro orde, como pola oportunidade de acceder a unha importante liña de **financiamento altamente flexible** e orientada a resultados.

A concepción das KICs como **triángulos de coñecemento** que agrupan a educación superior, a investigación e as empresas, abranguendo así toda a **cadea da innovación**, o que reforza a viaxe **desde a investigación ata o mercado**. Deste xeito, estas comunidades constitúen un valioso activo á hora de **detectar e identificar oportunidades de desenvolvemento**.



O seguinte paso da agrupación KIC Gallaecia será a súa integración nun consorcio europeo, formado por diversas rexións líderes no ámbito de novos modelos de innovación sociosanitaria, co que concorreremos á **convocatoria europea prevista para o ano 2014**.

A isto hai que engadir a recente **creación do Consello Galego de Innovación sanitaria**, que dará conta das propostas de colaboración entre os distintos axentes internos e externos vinculados coa innovación en saúde e propondrá accións de promoción e dinamización.



Neste ámbito salienta a entrada en vigor da **Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia**. Esta norma **adáptase ás normativas estatais e europeas**, ao tempo que dá cumprimento á propia planificación da Xunta de Galicia, plasmada no Plan I2C e na creación da Axencia Galega de Innovación.

Establece un **novo marco de colaboración público-privada** entre os investigadores, as administracións públicas, as universidades e as empresas para rendibilizar cada euro invertido en investigación e en innovación.

Ademais, a Lei prevé mecanismos de actualización constante, como é o **Observatorio da Innovación** e a creación de **canles de participación** entre os distintos axentes **como o Consello asesor de Investigación e Innovación**.

Impulso económico para o desenvolvemento do sector da economía do coñecemento e a empresa dixital

- A través do programa **Feder – Innterconecta I** mobilizáronse un total de **15 millóns de euros** para o desenvolvemento de **11 grandes proxectos tecnolóxicos no eido TIC**, dos cales a Xunta investiu máis de 1,5 millóns de euros
- O programa **Innterconecta II**, permitirá unha mobilización de **17,3 millóns** de euros para a realización de **23 proxectos tecnolóxicos TIC**, dos que a Xunta dotará **mais de 1,7 millóns** de euros de fondos
- Asinouse o **Pacto Dixital de Galicia** e anunciáronse as primeiras medidas no seu ámbito, o **Programa de Apoio ao Emprendemento** para Galicia (Telefónica) e o **despregamento de infraestruturas de telecomunicacións** (Vodafone)
- O Programa **Conecta Pemes** investiu en 2013 case **24 millóns de euros e 110 proxectos** para impulsar a innovación nas pequenas e medianas empresas
- Entre os **anos 2009 e 2013**, cunha achega da Xunta de Galicia de máis de 162 millóns de euros, **mobilizáronse case 321 millóns de euros** para potenciar o **sector da economía do coñecemento e a empresa dixital**

O programa FEDER - Innterconecta fomenta a **cooperación estable público-privada en I+D** en áreas de importancia estratéxica para o desenvolvemento da economía galega outorgando axudas en forma de subvencións a proxectos enfocados no **desenvolvemento de tecnoloxías novidosas en áreas tecnolóxicas de futuro** que supoñan un **avance tecnolóxico e industrial relevante para Galicia**

Ao abeiro da **primeira convocatoria**, posta en marcha no 2012, subvencionáronse un total de **11 proxectos tecnolóxicos TIC**, destinando a Xunta de Galicia máis de 1,5

Innterconecta I

11 proxectos tecnolóxicos TIC

15 millóns mobilizados nestes proxectos, dos cales, 1,5 son investidos pola Xunta de Galicia



millóns de euros para a realización destes proxectos, e supoñendo unha mobilización de investimento público e privado de **15 millóns de euros** nesta tipoloxía de proxectos. Esta primeira convocatoria supuxo un investimento **total de 60 millóns de euros para o desenvolvemento de grandes proxectos innovadores** na Comunidade, dos cales, aproximadamente 30 millóns foron un investimento privado.

Interconecta II



23 proxectos tecnolóxicos TIC

17,3 millóns mobilizados nestes proxectos, dos cales, 1,7 son investidos pola Xunta de Galicia

Despois do éxito do Interconecta I, no 2013 lanzouse unha **segunda convocatoria** cun orzamento moito maior que a primeira, 75 millóns de euros de fondos públicos, e que permitirá mobilizar un **investimento total de 150 millóns de euros**. En total, beneficiaranse destas axudas **23 proxectos innovadores TIC**,

cunha mobilización de 17,3 millóns dos cales 1,7 serán dotados pola Xunta de Galicia.

En conxunto, as dúas convocatorias supoñen **máis de 210 millóns en innovación para os sectores produtivos da nosa economía**. Neste sentido, cabe destacar que **Galicia é unha das poucas comunidades con acceso a estes fondos pola súa capacidade de cofinanciamento**.



Neste ámbito, a Axencia Galega de Innovación (GAIN) puxo en marcha o programa **“Conecta Pemes”**, co fin de impulsar a innovación entre as pequenas e medianas empresas galegas e fomentar a colaboración público-privada a través de proxectos de investigación e desenvolvemento. Este programa configúrase como unha ponte entre a innovación galega e as pemes que actúan conxuntamente e os centros tecnolóxicos e de coñecemento. O programa apoiará proxectos con orzamentos de entre 600.000 euros e 1,5 millóns con axudas que poden supoñer entre o 50 e o 80% do total.



Estas axudas impulsarán 30 proxectos innovadores por valor de 24 millóns, 4,8 millóns no 2013, que beneficiarán a 104 empresas e a 17 centros tecnolóxicos. En concreto, gran parte das actuacións ao seu abeiro **céntranse en áreas**



estratéxicas nas que Galicia posúe contrastada potencialidade: alimentación agricultura e pesca, as TIC; as nanotecnoloxías e tecnoloxías da produción; ou a enerxía e o medio ambiente.

Por outro lado, entre os anos 2009 e 2013 executáronse distintos programas de axudas tanto para impulsar o sector da economía do coñecemento como para fomentar a implantación das novas tecnoloxías nos sectores produtivos.



Isto supón un investimento por parte da Xunta de máis de 162 millóns de euros, conseguindo mobilizar un capital privado de máis de 158 millóns de euros. Polo tanto, un **investimento total de case 321 millóns de euros cos que se subvencionaron máis de 1.600 proxectos de natureza tecnolóxica na nosa comunidade**, así como de formación dos traballadores.

No ámbito da empresa dixital, en 2013 presentouse a **plataforma de dinamización comercial** posta en marcha pola Federación Galega de Comercio co apoio da Consellería de Economía e Industria. Unha ferramenta que persegue fidelizar ao cliente e incentivar as vendas do comercio de proximidade. A **Consellería de Economía e Industria destina 112.000 euros á súa activación.**



Así mesmo, co obxecto de **facер accesible a innovación ás pemes**, e conseguir un efecto multiplicador na creación de emprego lanzouse convocatoria para o ano 2013 do **programa Innoempresa.**

Dotado con máis de 3 millóns de euros en axudas destinadas a apoiar o financiamento de proxectos empresariais orientados a **impulsar a competitividade a través do incremento da capacidade innovadora** das pemes. Cómpre lembrar que a anterior convocatoria conseguiu mobilizar un total de 6,5 millóns de euros en máis de 180 proxectos dos que se beneficiaron 266 pemes galegas.

Como mostra da determinación da Xunta por acadar unha cooperación firme co Sector TIC que converta ao sector da economía do coñecemento nun dos motores da economía e lograr o desenvolvemento dixital de Galicia no período 2013-2020, asinouse un **“Protocolo de Colaboración para a Cooperación entre a**



Xunta de Galicia e o Sector TIC para o desenvolvemento dixital de Galicia" en 2013.

Nun primeiro momento conseguiuase a conformidade de **dez empresas (HP, Indra, Everis, Tecnocom, Iecisa, Satec, Televes, R, Altia, Coremain e o Clúster TIC Galicia)** aínda que hai outras que xa manifestaron o seu interese en formar parte da iniciativa.



Posteriormente, **Telefónica** adheríase ao Protocolo no mes de novembro, anunciando como primeira medida un **Programa de Apoio ao Emprendemento para Galicia**, co obxectivo de detectar e potenciar o talento e ofrecer aos emprendedores do sector TIC de Galicia a oportunidade de sacar adiante as súas iniciativas.



O programa contempla a creación dun **Centro de Emprendemento TIC**, o acordo de constitución asinábase en decembro de 2013. Nunha primeira etapa levaranse a cabo labores de **captación de proxectos** e poñerase en contacto aos emprendedores con investidores, expertos e outros axentes interesados nos seus traballos. Neste sentido, o **centro acollerá a**

emprendedores, aos que se lles facilitará o contacto con futuros investidores e poderán acceder á plataforma de innovación e transformación online Telefónica Open Platform, ofrecérselles formación e mentoring.

A segunda fase do proxecto centrarase, na **constitución e desenvolvemento dunha aceleradora de proxectos tecnolóxicos de alto potencial** destinada ao impulso de iniciativas TIC.

Pola súa parte Vodafone, decidiu sumarse tamén ás 11 empresas que xa plasmaron neste acordo o seu compromiso para investir en Galicia e contribuír a converter a Comunidade en polo tecnolóxico de referencia.

No marco deste Pacto, Vodafone comprometeuse a **dotar de cobertura 4G**, antes do 31 de marzo, **as 7 grandes cidades** de Galicia. Este despregamento supoñerá un **investimento** en rede na comunidade galega de **55 millóns de euros en 2014**.



Así mesmo, está previsto o **despregamento de FTTH**, fibra óptica ata o fogar, que incluíra tamén as **principais capitais galegas**.

En canto á súa contribución social, ligada ao desenvolvemento dixital, cabe destacar a **estreita colaboración** da **Fundación Vodafone con institucións e organizacións galegas para fomentar a investigación e o uso das novas tecnoloxías**.



Apoio ao emprendemento e á internacionalización

- Creouse o **portal OETIC** como un espazo virtual de **información, aprendizaxe e apoio para o emprendemento TIC**
- Aprobación da **Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia** (en diante, Lei de emprendemento)
- Elaborouse o **Programa TransformaTIC**, orientado a **potenciar e reforzar o sector TIC de Galicia**

Favorecer a posta en marcha de iniciativas emprendedoras segue a ser unha das prioridades do Goberno galego en tanto supón unha importante oportunidade para favorecer o desenvolvemento económico da nosa Comunidade e a xeración de novos empregos.

Así, desde a Xunta de Galicia impulsouse a **Lei de emprendemento aprobada en 2013** e adoptaranse novas medidas fiscais que facilitarán a creación de empresas en Galicia.



Coa entrada en vigor da norma, os emprendedores galegos non necesitan das licencias municipais de obra e actividade para a apertura dun negocio. Unha iniciativa á que cabe sumarlle outra serie de medidas tamén previstas na lei e entre as que destaca a **posta**

en marcha da Unidade Galicia Emprende.

Esta unidade presta servizos de valor engadido aos empresarios ao emitir **informes de viabilidade** para proxectos maduros en menos de 30 días e activar os Puntos de Atención ao Emprendedor, que axilizan a constitución formal dunha empresa. Ademais incorpora a Rede de Viveiros Galicia Emprende así como outra rede con 100 mentores para o asesoramento dos emprendedores galegos.



Co fin de fomentar o emprendemento desde os primeiros anos, e inculcar neles o interese pola innovación, continúaase a impulsar o **Plan Eduemprende**. Este Plan, xunto co programa **FP Plus** supoñen unha aposta clara pola **implantación da cultura emprendedora no alumnado pertencente aos distintos niveis educativos**.

Nos tres anos de funcionamento do Eduemprende desenvolvéronse actividades de difusión, formación, apoio e asesoramento dirixidas a máis de 50.000 alumnos.

Ademais, tendo en conta o gran abano de oportunidades que brindan as TIC, estase a fomentar o desenvolvemento de iniciativas emprendedoras específicas neste eido a través do **desenvolvemento de novas actuacións** como o **Proxecto Yuzz**.



Constitúe un **programa dirixido á mocidade galega** para **incentivar o desenvolvemento de ideas innovadoras de carácter tecnolóxico** para o que se facilitará formación, asesoramento e se prestará todo o soporte administrativo e xurídico preciso en caso de que a súa idea poida materializarse nun proxecto empresarial.

Preto de cen proxectos en toda Galicia foron presentados a este programa, cuxos finalistas a nivel nacional recibirán unha dotación económica (30.000, 20.000 e 10.000 euros), e os mellores participantes realizarán unha viaxe a Silicon Valley.



Así mesmo, co fin de poñer a disposición da cidadanía un **punto de encontro onde atopar toda a información e contactos de interese para emprendedores TIC** creouse en abril de 2012 un **portal específico** neste ámbito denominado **Obxectivo Emprendemento TIC (OETIC)**.

Por outro lado e asumindo a dificultade que supón a captación de financiamento para o desenvolvemento de novos proxectos empresariais, a Xunta pon a

disposición dos emprendedores **fondos públicos como o Fondo Emprende de XesGalicia** e facilita a relación entre emprendedores TIC e entidades de capital risco e business angels a través de **iniciativas como os Encontros Vindeira Capital Network**.

Estes encontros tiveron **lugar de xeito continuado nos anos 2010, 2011, 2012 e 2013**. Nesta última edición participaron reunidos representantes de 22 entidades de Capital Risco e Business Angels de España, cunha capacidade de financiamento de arredor de 35 millóns de euros para a 16 start ups galegas do eido tecnolóxico.



Por outro lado, todas as actuacións de apoio ao emprendemento, internacionalización, innovación, transferencia de tecnoloxía, etc... orientadas especificamente ao sector TIC, estarán enmarcadas no **Programa TransformaTIC**.

Este programa xorde co obxectivo de **impulsar e fortalecer o sector TIC galego a través da posta en marcha dunha estratexia única desde a Xunta de Galicia** que permita dinamizar o sector TIC galego, posicionándoo como referencia nacional en innovación e favorecendo a exportación de tecnoloxía galega a novos mercados.



Así, durante o 2013 **completouse a súa definición**, para o que se procurou a **colaboración** de todos os **axentes do sector**, tanto a nivel interno da Xunta de Galicia como a participación de axentes. Un proceso que culminou coa súa **aprobación polo Consello Reitor da Amtega**.

As TIC no sector turístico

- A Xunta de Galicia **adheriuse á plataforma nacional “Comparte iniciativas”**, que facilitará á transferencia tecnolóxica en materia turística entre administracións
- Deseñouse un **software pioneiro** a nivel estatal para a **xestión dos pequenos establecementos hoteleiros** de Galicia

- Elabórase o **Plan Smart Turismo**, que incorporará unha plataforma turística única para Galicia no mundo
- **Turgalicia** incrementa progresivamente a súa presenza en internet e xa conta con **máis de 40.300 seguidores en Facebook e 4.300 en Twitter**

O Goberno galego, e en particular a Administración Turística, ten apostado de forma prioritaria nos últimos anos pola utilización das TIC para dar a coñecer o destino e potenciar o sector turístico galego.

Así, co obxecto de impulsar o uso das TIC no sector hoteleiro e de turismo rural **púxose en marcha no 2012** e en colaboración co Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, **a iniciativa "Aloxamentos conectados"**.



Esta iniciativa destina un orzamento de 732.000 euros en axudas para autónomos, pemes e microempresas co fin de **fomentar a presenza en Internet e a utilización de aplicacións informáticas na xestión da estanza turística** (reservas, mercadotecnia, atención postvenda, etc...). Ademais da oferta de solucións e servizos tecnolóxicos, o programa complétase coa **realización de talleres** de capacitación e coa posta en marcha dun **portal de apoio**.

Compartelnicativas

En setembro de 2012 a Xunta Galicia, a través de Turismo de Galicia, adheriuse á plataforma **"Comparte iniciativas"**, unha **ferramenta de intercambio de transferencia tecnolóxica en materia turística da Sociedade Estatal para a Xestión da Innovación e as Tecnoloxías Turísticas (Segittur)**.

A través deste acordo con Segittur, préstase apoio a Galicia na internacionalización das empresas e dos proxectos turísticos innovadores que se executen na nosa comunidade, acompañándoos na apertura de novos mercados.

Deste xeito, **ambos organismos colaborarán no intercambio de experiencias** para o desenvolvemento de soportes tecnolóxicos de xestión que contribúan a



augmentar a cualificación das empresas turísticas e a mellorar a súa xestión interna, permitindo así aproveitar recursos e reducir custos.

No marco desta adhesión, **deseñouse no 2012 unha ferramenta pioneira para a xestión dos hoteis e pensións de Galicia.** Trátase dunha aplicación en **software libre** que permite unha **xestión profesional e máis operativa** aos responsables dos pequenos establecementos hoteleiros de Galicia que carezan de dispositivos e ferramentas tecnolóxicas axeitadas para realizar o seu traballo cotián.



Finalmente destacar o desenvolvemento nos últimos anos dunha **estratexia global de comunicación no eido turístico.** A finais de 2013 Turgalicia xa contaba con **máis de 40.300 seguidores en Facebook** **cerca de 4.300 en Twitter**, unha canle

propia en Youtube con vídeos que foron reproducidos máis de 152.000 veces e unha conta en Flickr con case 900 fotografías turísticas de Galicia.

Ademais, en 2013 elaboráronse, en liña cos obxectivos da Axencia Galega para o Turismo, o Plan de Actuacións SMART Turismo e o Plan de Actuacións SMART Camiño.

Neste sentido, xa se aprobou o **Plan Smart Turismo**, co obxectivo de incorporar unha **plataforma turística única para Galicia no mundo.** Esta nova iniciativa contará, cun **investimento de 10 millóns de euros**, para poder desenvolver catro eixos prioritarios: modernizar as infraestruturas tecnolóxicas do turismo de Galicia; aproveitar as tecnoloxías para a promoción, a comercialización e a fidelización dos viaxeiros; fomentar a innovación no sector; e potenciar os camiños de Santiago.

As TIC no ámbito rural

- **A Oficina Agraria Virtual ten acumulados datos de 7,5 millóns de animais e no 2013 rexistráronse 1,65 millóns de movementos de reses**
- **A Xunta de Galicia está a destinar máis dun millón de euros para a incorporación das TIC nas microempresas do rural**

A **Oficina Agraria Virtual** comezou o seu funcionamento no segundo semestre do 2010, e **permite operativizar e axilizar a relación entre a Administración e os gandeiros** ao permitir a realización de xestións de xeito telemático como son as altas de nacemento de gando ou as solicitudes de duplicados de chapas identificativas.



A Oficina rexistrou **7,5 millóns de animais e, dende o seu inicio, suma máis de 1,65 millóns de trámites xestionados, e 1,65 millóns de movementos de reses en 2013.**

A esta iniciativa hai que engadir o **lanzamento no 2012 das axudas destinadas ás microempresas do rural**, no marco do convenio entre a Consellería de Medio Rural e do Mar e a Amtega.


Esta actuación conta cun **orzamento de máis dun millón de euros ata 2014 e facilita a incorporación das TIC** nas empresas destas áreas, un aspecto fundamental para a **mellora da súa competitividade e o progreso do rural.**

As TIC e o mundo do mar

- Desenvolvemento de novas funcionalidades na **Plataforma tecnolóxica da pesca**
- A día de hoxe dispóñense de **32 terminais TICPESC operativas**, 26 máis que con respecto ao 2010

Dende a posta en marcha da **Plataforma tecnolóxica da pesca**, que da soporte á actividade pesqueira, acuícola e de comercialización do sector do mar en Galicia, incorporáronse paulatinamente novas funcionalidades como son inscrición e modificación do rexistro de buques, plans de explotación marisqueiro e permisos de marisqueo ou outorgamento de permisos de embarcacións de pesca.

No marco desta Plataforma, **a Xunta de Galicia**



instalou unha rede de caixeiros TICPESC en diferentes portos de Galicia que permiten obter documentos e emitir o etiquetado do peixe descargado da lonxa.

O número de TICPESC operativos pasou de ser 6 en 2010 a 32 a finais de 2013, emitíndose un total de **3.887 tarxetas**. Constitúe unha das actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia orientada a lograr que a trazabilidade do produto galego sexa impecable e que continúe sendo considerado un produto de gran calidade a consumir con todas as garantías de seguridade.

As TIC no transporte

- Un total de **120.000 persoas dispoñen da tarxeta metropolitana de Galicia**, 45.000 máis que no 2011
- Aprobación en **Consello da Xunta** e publicación no **DOG** da resolución coas especificacións funcionais para a implantación de **Sistemas de Axuda á Explotación (SAE)**

O **Plan de Transporte Metropolitano** foi posto en marcha a comezos do 2011 co **obxectivo fundamental de mellorar a mobilidade e accesibilidade** no contorno de todas as áreas metropolitanas e, polo tanto, que os cidadáns poidan dispoñer dun **mellor servizo de transporte público colectivo** que sexa unha alternativa competitiva e eficiente ao transporte privado.



Durante o 2012 continuouse coa ampliación da Rede de Transporte Metropolitano de Galicia, co apoio dos sistemas tecnolóxicos SITME e SITBUS. **Este Plan xa está posto marcha nas áreas de A Coruña, Santiago, Ferrol e Lugo** e proximamente desenvolverase en Ourense e Pontevedra.

Un dos compoñentes básicos do Plan é a **Tarxeta Metropolitana de Galicia**. Supón unha tarxeta electrónica que fai posible a consecución das **novas vantaxes tarifarias** como son o abaratamento do custo de viaxes, a despenalización dos transbordos ou os descontos por recorrencia.



A finais do 2013, o número de tarxetas a disposición dos usuarios acadou as **120.000 unidades**, o que supón un **incremento dun 60% con respecto ao 2011**.

Tamén no ámbito do transporte, a Xunta está liderando o desenvolvemento dun **sistema tecnolóxico dirixido a empresas concesionarias de transporte**, que suporá que preto de 1.000 vehículos enviarán e recibirán información de xeito simultáneo, un feito sen precedentes na Comunidade.

Este Sistema de Axuda a Explotación (**SAE**) é unha **ferramenta de xestión** que permitirá ás empresas concesionarias a localización e posicionamento en tempo real dos vehículos, unha mellor regulación do servizo ao controlar o desfase do vehículo respecto da posición ou ruta prevista e proporcionará información sobre o número de usuarios e o pago do servizo.

No 2013, tras a súa aprobación no último Consello da Xunta, publicouse no DOG a resolución coas especificacións funcionais para a implantación de Sistemas de Axuda á Explotación (SAE).

As TIC e o territorio

- Desde maio de 2012 pódese acceder a **toda a información cartográfica de Galicia en formato dixital**



A Xunta de Galicia, a través do Instituto de Estudos do Territorio, puxo a disposición dos cidadáns por primeira vez **toda a información cartográfica en formato accesible vía internet** en maio de 2012.

Esta plataforma, que **dispón de máis de 20.000 mapas correspondentes a catro series cartográficas**.


Esta aplicación supón un impulso á difusión simplificada con alta calidade a través dunha **plataforma desenvolvida con software libre e en aberto** que permite facer buscas segundo as necesidades do usuario, xa sexa por unidades administrativas, por coordenadas xeográficas ou por referencia catastral, entre outras, e dende a súa posta en marcha continua a desenvolver novas funcionalidades.

As TIC e a enerxía

- A creación do **Atlas Enerxético Dixital** favorecerá unha **evolución máis equilibrada e competitiva do sistema enerxético galego**
- Os **concellos galegos** poderán **coñecer e racionalizar os seus custos enerxéticos**, a través da realización de **auditorías enerxéticas online**

En xullo de 2012 elaborouse o **Atlas Enerxético Dixital**, que comprende a **dixitalización e compilación de toda a información xeográfica das infraestruturas enerxéticas** da Comunidade.

Esta ferramenta, en constante revisión e actualización, **dota á Administración dos mecanismos necesarios para atender**, no menor tempo posible, as **consultas relativas a subministros eléctricos**, facilitando o desenvolvemento de novas infraestruturas e mellorando a competitividade empresarial galega.



Con **ela é posible dispor, en tempo real, de toda a información necesaria á hora de coñecer o acceso ás distintas fontes de enerxía nunha determinada zona**, con todas as vantaxes que isto supón á hora de facilitar á implantación de empresas en dito territorio ou, tamén de cara ao desenvolvemento de parques empresariais.

Ademais, neste ámbito actualmente **estase a desenvolver unha nova ferramenta informática que permitirá aos concellos galegos realizar auditorías enerxéticas online** que diagnostiquen a súa situación neste campo de modo sinxelo e inmediato, o que lles facilitará tomar decisións para diminuír os seus custos enerxéticos.

Suporá unha nova fonte de datos estatísticos axeitados para analizar a implantación de **medidas de aforro e eficiencia** e o **uso das fontes renovables nos municipios**.

III. Balance 2013 en cifras

Nesta sección do balance detállanse os principais fitos alcanzados durante o ano 2013 coas cifras máis salientables, tanto en novas actuacións como en avances acadados o pasado ano nas iniciativas xa lanzadas anteriormente.

Forxando unha Galicia 2020

A Estratexia RIS3 mobilizará 1.600 millóns ata 2020 para facer un novo modelo da economía en Galicia baseado na innovación en todos os sectores

Maio 2013



Imaxe: O conselleiro de Economía e Industria, Francisco Conde, na presentación dos resultados dos traballos preparativos da Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3). 21/05/13

A Xunta deseña a Estratexia de Crecemento Dixital para dar continuidade aos logros tecnolóxicos alcanzados en Galicia e converxer coa UE en 2020



Imaxe: O presidente da Xunta en rolda de prensa do Consello. 07/11/13

Cohesión social e equilibrio territorial

Vertebración territorial

A cobertura acadada co Plan Banda Larga superou o 97% da poboación galega

Outubro 2013



Imaxe: A directora da Axencia para a Modernización de Galicia, Mar Pereira, recibiu a unha delegación da Autoridade Nacional de Regulamentación de Telecomunicacións de Turquía (ICTA). 25/10/13

% Poboación galega
con cobertura de
banda larga

Máis do 97%

Poboación total
cuberta no Plan
Banda Larga

2,73 millóns

A metade dos galegos teñen acceso a redes de fibra óptica de ata 200 megas a finais de 2013 grazas ao Plan Banda Larga e R, cumprindo así con dous anos de adianto o obxectivo fixado pola Axenda Dixital para España

Abril 2013



Imaxe: A directora da Amtega, Mar Pereira, co conselleiro delegado de R, Arturo Dopico, presentando no CDTIC o balance desta liña do Plan Banda Larga.

Investimento total

Máis de 131
millóns de
euros

Número de núcleos
cubertos con redes
NGA

Máis de 200

Poboación cuberta con
redes NGA

50% dos
galegos

A Xunta abre a segunda convocatoria de axudas para contratar internet vía satélite nas zonas máis illadas da Comunidade

Xullo 2013



Imaxe: O director da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), Antonio Crespo, no acto de sinatura do convenio de colaboración cos operadores, no que tamén participou entre outras persoas, a directora da Amtega, Mar Pereira. 16/07/13

Orzamento total

359.000 €

Orzamento
executado

112.135 €

Familias e empresas
beneficiadas

757

Contía máxima da
axuda

150 €

Duración máxima da
subvención

2012-2014

Publicada no DOG a primeira Lei de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia, que permite blindar ás telecomunicacións como un servizo básico da Comunidade

Xuño 2013



Imaxe: O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, na reunión do Consello

Presentación da Guía de boas prácticas para o despregamento das Infraestruturas de Telecomunicación

Novembro 2013



Imaxe: A directora da Amtega, Mar Pereira, e o presidente da Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia (AETG), Ramón Bermúdez, na presentación da Guía na Cidade da Cultura. 06/11/13

Perfil dos invitados

Concellos e representantes dos operadores, FEGAMP, Deputacións e o Clúster TIC

Número de asistentes

70

Alfabetización dixital

A Xunta e a Fegamp asinan un convenio de colaboración para a elaboración dun Plan de Inclusión Dixital para Galicia

Xaneiro 2014



Imaxe: O vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Pública e Xustiza, Alfonso Rueda, a directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), Mar Pereira, e o presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias, José Manuel Rey, na sinatura do convenio de colaboración para elaborar un Plan de Inclusión Dixital. 15/01/2014

A Rede CeMIT contou con un 50% máis usuarios que o ano anterior

Decembro 2013



Imaxe: portal web da rede CeMIT (<https://cemit.xunta.es/es>)

Actividades
formativas
realizadas no
2013

3.320

Horas de
actividade
formativa
realizadas no
2013

Máis de 42.000

Número de
beneficiarios dos
cursos de
formación no
2013

Máis de 21.000

Continuidade das iniciativas na Rede CeMIT: plataforma de teleformación EMA e lanzamento dunha nova edición de “Miradas de muller” para o impulso do emprendemento feminino

Xaneiro 2013

Total de accesos
ao Espazo
Multimedia de
Aprendizaxe
(EMA)

Máis de 32.000

Nº de mulleres
participantes no

Máis de 300
mulleres asistiron





Imaxe: A directora da Amtega na presentación da iniciativa “Miradas de muller”, para fomentar o emprego feminino. 28/01/13

programa
“Miradas de
muller”

as xornadas
presenciais e máis
de 360
inscribíronse na
plataforma en liña

A Comisión Europea elixe o programa de Voluntariado Dixital da Xunta como exemplo de boa práctica para a inclusión social a través das TIC

Abril 2014



Imaxe: O director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, na reunión sobre o programa 'Xuventude en Acción'. 28/04/14

Número de
voluntarios
participantes

Máis de 340

Número de
entidades
colaboradoras

78

Administración austera, eficiente e próxima ao cidadán

eAdministración

A Xunta comprométese á consolidación da súa Sede Electrónica, coa posibilidade de presentar telematicamente todos os trámites en 2015 e simplificando o acceso mediante claves a través do móbil

Outubro 2013



Imaxe: O presidente da Xunta durante a súa intervención tras a xuntanza do Consello no que se aprobou o Protocolo de identificación e sinatura electrónicas da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. 24/10/13

Número de expedientes presentados na Sede Electrónica no 2013

17.228

Número visitas á Sede Electrónica da Xunta en 2013

Máis de 266.000

Número de procedementos que poden iniciarse telematicamente na Sede Electrónica

604

Galicia é a segunda comunicade no ranking de CCAA que máis emprega a Administración Electrónica

Novembro 2013



Imaxe: Sede Electrónica da Xunta (<https://sede.xunta.es/portada>)

Fonte: INE, enquisa sobre equipamento e uso das TIC nos fogares

% internautas galegos que obtivo información de páxinas web da Administración

61,5%

% internautas galegos que descargou formularios oficiais

43,1%

% internautas galegos que enviou formularios cumprimentados a través de Internet

33,6%



Servizos públicos

Sanidade recibiu o premio Best In Class á mellor xestión hospitalaria e ao mellor proxecto en E-saúde

Xaneiro 2013



Imaxe: A conselleira de Sanidade Rocío Mosquera recibe, en nome da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, a placa do premio Best In Class á mellor xestión hospitalaria e ao mellor proxecto en e-Saúde. 21/01/13

Cidadáns que se benefician da e-receita e da historia clínica electrónica

100%

Centros de atención primaria con servizos de telemedicina

99%

Centros de Saúde que acceden á imaxe dixital desde IANUS

459

Dotación total dos proxectos da Innova saúde e Hospital 2050

Máis de 90 millóns €

Galicia convértese en rexión de referencia en Europa en envellecemento activo e saudable grazas a que o seu servizo de saúde, que posiciona aos pacientes e cidadáns no centro do sistema, é líder na utilización de tecnoloxías

Novembro 2013



Imaxe: A conselleira de Sanidade participou na segunda xornada de Partenariado Europeo pola Innovación para un envellecemento activo e saudable xunto aos máximos representantes sanitarios de toda Europa. 25/11/13

Elabórouse un Plan de coaching para profesionais doutras rexións europeas interesados en coñecer as actuacións galegas

Visitas in situ de un ou dous días de duración para ver de primeira man cómo os nosos profesionais traballan con estas ferramentas

Programa de diseminación a través de distintas canles (páxinas web e redes sociais)

Asinouse o convenio de constitución da agrupación “KIC Gallaecia”, para a candidatura conxunta de Galicia ao KIC europeo de envellecemento activo e vida saudable

Maio 2013



Imaxe: Sinatura do convenio de colaboración entre os departamentos autonómicos de Sanidade e de Traballo e Benestar; a Axencia Galega de Innovación; as tres universidades galegas; o Clúster da Saúde de Galicia; as fundacións Ramón Domínguez; Novoa Santos; a Fundación Biomédica do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo e o Centro Tecnolóxico Gradient para a constitución da agrupación KIC Gallaecia. 31/05/13

A Xunta remata a elaboración do Plan para a modernización tecnolóxica do sistema galego de servizos sociais e anuncia que destinará 8 millóns de euros á planificación tecnolóxica dos servizos sociais públicos, co obxectivo de contar cunha historia social única

Marzo 2013



Imaxe: A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, e a directora da Axencia Galega de Modernización (Amtega), Mar Pereira, presidiron o Comité de dirección do Plan de modernización tecnolóxica do sistema galego de servizos sociais. 18/03/13

Aforro estimado
nos servizos
sanitarios

30 millóns de
euros anuais

Aforro estimado
nos servizos sociais

4 millóns de
euros anuais

Alcance
poboacional

1,6 millóns de
galegos

Celébrase a Primeira Xornada de coordinadores e coordinadoras do Proxecto Abalar

Abril 2013



Imaxe: O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, na inauguración da xornada. 19/04/13

Número aulas dixitalizadas no Proxecto Abalar

Máis de 2.000

Número alumnos e alumnas beneficiarios do Proxecto Abalar

Máis de 44.4000

Visitas ao espazoAbalar

2,2 millóns

Descargas no repositorio de contidos

Máis de 2,65 millóns

Usuarios rexistrados en Redeiras

Máis de 9.000

Ampliouse o alcance das notificacións telemáticas a máis colectivos: Avogados do Estado e Asesoría xurídica da Xunta

Setembro 2013



Imaxe: O vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Alfonso Rueda, recollendo o premio á Calidade na Xustiza en Madrid. 19/09/13

Número de notificacións telemáticas realizadas mediante Lexnet

Máis de 4 millóns

Número de videoconferencias realizadas

Máis de 3.000

Número de accesos á Comunidade Virtual de Aprendizaxe

7.059

A Xunta e o Goberno Central poñen en marcha un plan para implantar o expediente xudicial electrónico en Galicia no 2015 e impulsar a modernización tecnolóxica da xustiza


Xullo 2013



Imaxe: A directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, Mar Pereira e o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Alfonso Rueda, na presentación do Plan para a informatización da Xustiza

A Xunta pon en marcha a primeira fase do portal eXustiza, que ofrece información práctica para o cidadán na súa relación coa Xustiza

Setembro 2013



Imaxe: Portal eXustiza (<http://www.exustiza.es/cidadans>)

A Administración no móbil

A Amtega será o organismo responsable das aplicacións móbiles da Administración autonómica

Maio 2013



Imaxe: A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, e a directora da Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) presentaron a aplicación Mobem. 08/07/2013

Número de aplicacións dispoñibles no espazo 'Xunta de Galicia'

10

Administración eficiente e auster

A xestión centralizada da Amtega consolida un aforro anual de 6 millóns de euros en gasto tecnolóxico

Abril 2013



Imaxe: A directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), Mar Pereira, en rolda de prensa. 17/04/13

Data de creación da Amtega

9 de marzo de 2012

Aforro do gasto tecnolóxico

Máis de 6 millóns de euros

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica recibe o premio CIO Directions 2013 como o organismo público máis innovador

Setembro 2012



Imaxe: A directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), Mar Pereira, recolleu o premio CIO Directions 2013. 24/09/13

Orzamento TIC
xestionado de forma
centralizada

Máis de 97
millóns de
euros

Xa están integrados no Centro de Procesos de Datos Integral da Xunta de Galicia (CPDI) o 45% dos CDPs incluídos no proxecto

Decembro 2013



Imaxe: Centro de Proceso de Datos do Gaiás.

Número de cidadáns
aos que dá resposta

2,7 millóns
de euros

Número de centros
administrativos,
educativos,
sanitarios e xudiciais
aos que dá resposta

3.582

Número de
empregados
públicos aos que dá
resposta

90.000

Aforro anual
estimado

3 millóns €

Publicada a adxudicación do contrato da Rede Dixital de Emerxencias de Galicia

Agosto 2013



Investimento total na Rede de emerxencias de Galicia	6,3 millóns de euros
Aforro estimado	37 millóns de euros en 10 anos
Cobertura da rede en % de territorio	84%
Cobertura da rede en % de poboación	94%

Dinamización económica, crecemento e emprego

Economía do Coñecemento

A Xunta avanza a posta en marcha do programa Innterconecta II

Febreiro 2013



Imaxe: O Presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, durante unha visita ao centro de aplicacións láser do Centro Tecnolóxico AIMEN. 20/02/13

Importe
subvencionado no
2013

75 millóns €
dos cales, 8,6
destináronse a
proxectos TIC

Importe total
mobilizado no
2013

150 millóns €,
dos cales, 17,3
destináronse a
proxectos TIC

Importe
mobilizado pola
Xunta de Galicia
en proxectos
tecnolóxicos TIC no
Programa
Innterconecta II no
2013

Máis de 1,7
millóns €

Número de
proxectos
tecnolóxicos TIC
subvencionados no
2013

23

A Xunta pon en marcha o programa TransformaTIC para impulsar o crecemento e a competitividade do sector tecnolóxico galego

Xuño 2013



Imaxe: Xuntanza do Consello Reitor da Amtega presidida polo vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Alfonso Rueda e a directora da Amtega, Mar Pereira. 21/06/13

A Xunta e o sector TIC asinaron un Pacto Tecnolóxico que contén para potenciar o desenvolvemento dixital de Galicia

Xullo 2013



Imaxe: O Presidente da Xunta, acompañado pola directora da Amtega presidiu a sinatura do Pacto Tecnolóxico de cooperación entre a Xunta de Galicia e o sector TIC para o desenvolvemento dixital de Galicia. 23/07/13

Apoio ao emprendemento e á internacionalización

Aprobación da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia

Decembro 2013



Imaxe: O conselleiro de Economía e Industria, Francisco Conde, na presentación do Informe GEM Galicia, onde subliñou a importancia da entrada en vigor da nova norma.(20/12/13)

IV. Balance económico

- Mobilizáronse máis de **1.098 millóns de euros** para o desenvolvemento das actuacións enmarcadas na **Axenda Dixital de Galicia 2014.gal**

Cunha **achega da Xunta de Galicia de máis de 785 millóns de euros** no período 2009 - 2013, mobilizáronse máis de **313 millóns de euros de investimento privado**, o que fai un total de case 1.100 millóns de euros de investimento para o desenvolvemento das diferentes actuacións derivadas da Axenda Dixital de Galicia.

Neste período, o ámbito cun maior investimento total foi o correspondente a liña conxunta de Administración intelixente e eficiente, seguida do eido relativo a InfraTeleCom.

Liñas Estratéxicas	Orzamento Executado	Investimento Inducido (achega privada)	Investimento total
L1- Administración intelixente	389.799.700 €	-	389.799.700 €
L2- Administración eficiente			
L3- Cidadanía dixital	57.047.872 €	489.934 €	57.537.806 €
L4- Transforma TIC	83.921.246 €	117.837.150 €	201.758.396 €
L5- Economic-IT	81.561.790 €	42.974.907 €	124.536.697 €
L6- InfraTeleCom	169.545.142 €	152.251.615 €	321.796.757 €
L7-Medidas instrumentais	3.207.686 €	-	3.207.686 €
Total	785.083.436 €	313.553.606 €	1.098.637.042 €

As liñas estratéxicas que mobilizaron maior investimento privado son as correspondentes ao desenvolvemento das infraestruturas de telecomunicacións e ao impulso do sector da economía do coñecemento.



Concretamente, conseguiu-se que se investiran máis de 152 millóns por parte da iniciativa privada para o desenvolvemento de infraestruturas de telecomunicacións a partir dun investimento público de máis de 169 millóns de euros. Isto supón, ata a día de hoxe, un investimento total de case 322 millóns de euros para a extensión de infraestruturas de telecomunicacións na nosa comunidade.

No tocante ao desenvolvemento do sector da economía do coñecemento, o investimento da Xunta de Galicia ascendeu a 84 millóns de euros. Con este investimento mobilizouse un capital privado de case de 118 millóns de euros, e polo tanto, conseguiu-se un investimento total de máis de 201 millóns de euros.





XUNTA DE GALICIA